

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O DÍA 24 DE NOVEMBRO DE 2022

ASISTENTES:

Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

Concelleiros/as:

D. José Simoes Couceiro (PSdeG-PSOE)
D^a Raquel Caruncho Corral (PSdeG-PSOE)
D. Daniel Ríos Fernández (PSdeG-PSOE)
D. Joshua Dopico López (PSdeG-PSOE)
D^a Yolanda Vázquez Busto (PSdeG-PSOE)
D^a Ángela Piñeiro Carrera (PSdeG-PSOE)
D^a. Manuela García Fachal (PSdeG-PSOE)
D^a Alejandra Bellón Tenreiro (PSdeG-PSOE)
D. Santiago José Rodríguez Piñeiro (PP)
D. Luis Angel Díaz González. (PP)
D. Luis Pena Mosquera (BNG)

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e dez minutos do día vinte e catro de novembro de dous mil vinte e dous, xúntanse, en sesión ordinaria do Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria Xeral e a Interventora municipais.

A Secretaria xeral:

D^a Ana Ramos Ramos

A Interventora:

D. Lucía Varela Martínez

Non asisten:

D^a Rocío Souto Torre (BNG): xustificada a sua ausencia

A Presidencia abre a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1.-LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DE ACTAS DAS SESIÓN ANTERIORES:

SESIÓN ORDINARIA DE DÍA 27.10.2022

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE DÍA 10.11.2022

A Secretaria municipal da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

<<PROPOSTA DE ACORDO

LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DE ACTAS DAS SESIÓN ANTERIORES.

(Expediente TEdEC: 2020/G006/000247)

Recibida polas persoas membro do Pleno, as copias dos borradores das actas correspondentes ás sesións:

SESIÓN ORDINARIA DE DÍA 27.10.2022 (borrador asinado 21.11.2022)

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE DÍA 10.11.2022 (borrador asinado 21.11.2022)

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

SESIÓN ORDINARIA DE DÍA 27.10.2022 (borrador asinado 21.11.2022)

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE DÍA 10.11.2022 (borrador asinado 21.11.2022)

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.>>

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Non teñen lugar intervencións na quenda de debate.

Sométese a votación o **borrador da acta da sesión ordinaria do Pleno de día 27.10.2022** quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 11 votos a favor**: 8 dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D^a Manuela García Fachal, D^a Alejandra Bellón Tenreiro; 2 votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal do PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González; e 1 votos a favor dos Grupo Municipal do BNG: D. Luis Pena Mosquera; e **1 abstención** da concelleira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE D^a Yolanda Vázquez Busto, por non estar presente na sesión; o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

SESIÓN ORDINARIA DE DÍA 27.10.2022 (borrador asinado 21.11.2022)



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro

Sométese a votación o **borrador da acta da sesión extraordinaria e urxente do Pleno de día 10.11.2022** quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 11 votos a favor**: 9 dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D^a Yolanda Vázquez Busto, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D^a. Manuela García Fachal, D^a Alejandra Bellón Tenreiro; 2 votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal do PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González; e **1 abstención** do concelleiro do Grupo Municipal do BNG D. Luis Pena Mosquera por non estar presente na sesión, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE DÍA 10.11.2022 (borrador asinado 21.11.2022

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro

2.- ASUNTOS DE URXENCIA

2.1.CONSTITUCIÓN E PERTENZA DO CONCELLO DE PONTEDEUME Á ASOCIACIÓN DE CONCELLOS PARA A XESTIÓN DA COMARCA DO EUME.

A Secretaría municipal da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

<<PROPOSTA DE ACORDO

ASUNTO: CONSTITUCIÓN E PERTENZA DO CONCELLO DE PONTEDEUME Á ASOCIACIÓN DE CONCELLOS PARA A XESTIÓN DA COMARCA DO EUME

D. BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO, ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME, (A CORUÑA):

O Concello de Ponte deume estase incorporando de maneira sólida e decidida á dinámica da planificación estratéxica no ámbito municipal, e supramunicipal. De feito, durante os últimos anos promoveu as seguintes actuacións:

1.Adhesión á rede de entidades Locais para desenvolver os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS), da axenda 2030.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2. Adhesión á rede de “ciudades saludables”

3. Adhesión ao CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEGAMP E SEAGA, EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O ESTABLECEMENTO DUN SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS.

4. Plan de mobilidade Urbana Sostible (PMUS)

5. Asociación de concellos do Camiño Inglés

6. Adhesión ao Plan de prevención de riscos e de medidas anti-fraude da Deputación da Coruña (Plan PREMADECOR)

7. Plan de acción para o clima e a enerxía sustentable (PACES)

O Concello por tanto, desenvolve estratexias no ámbito socioeconómico, da mobilidade, da acción climática, do turismo..., pero aínda lle resulta preciso abordar a elaboración dunha folla de ruta que de maneira integral considere todos os retos e todas as accións necesarias para facer de Ponte deume un municipio competitivo, atractivo, amable, acolledor, saudable e concienciado co desenvolvemento equitativo, xusto e sostible nos seus diferentes ámbitos de actuación. De aí que resulte completamente lóxico a aposta do actual equipo de goberno por abordar a elaboración e implementación da súa Axenda Urbana, buscando un novo modelo urbano, económico e social que poida substituír ao que se desenvolveu durante décadas.

As actuacións que pon en marcha o Concello de Ponte deume artéllanse de maneira transversal co fin único de confluír no desenvolvemento sostible da propia vila, así como do territorio ao que está vencellada. As estratexias de sostibilidade deben partir dunha base de colaboración interterritorial, con intercambio de información, planificar e executar actuacións que repercutan no territorio, etc...

Deste xeito, propúxose a creación dunha Asociación de Concellos para a Xestión da Comarca do Eume, en virtude do borrador de estatutos, que se xunta.

Trátase dunha entidade que terá entre as súas finalidades a promoción do desenvolvemento sostible e equilibrado do territorio que conforma a Comarca do Eume, con especial apoio dos seus valores, naturais e culturais, mediante o desenvolvemento de accións e a posta en marcha de actividades cuxo efecto repercuta no beneficio das persoas que viven no devandito territorio; a protección e conservación do patrimonio natural do territorio, facendo especial fincapé no Parque Natural das Fragas do Eume e a súa posta en valor como recurso, coa finalidade do desenvolvemento económico e social da súa poboación; a posta en valor, dinamización, recuperación e difusión do patrimonio cultural; o fomento do turismo, especialmente o vinculado aos recursos naturais e culturais, sempre dentro dun marco de sustentabilidade



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Asemade, nace coa intención de participar na elaboración dos plans de desenvolvemento e inversión que se creen desde os diferentes organismos públicos e promover e realizar cantas actividades sexan precisas para a consecución dos seus fins, defendendo os intereses e os dereitos dos cidadáns da Comarca do Eume (inicialmente, os concellos de A Capela, As Pontes de García Rodríguez, Cabanas, Monfero e Ponte deume)

Considerando a Disposición Adicional 5ª da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que prevé a posibilidade de que as Entidades Locais podan constituírse en asociacións para a protección e promoción dos seus intereses comúns, o que resulta conforme ao disposto no art. 2.6 da Lei Orgánica 1/2002, debendo garantir a participación dos seus membros nas tarefas asociativas e de representatividade dos seus órganos

Visto o informe de Secretaría Xeral de data 15/11/2022.

Visto o o informe da Intervención municipal de data 22/11/2022

*Visto canto antecede, **PROPOÑO:***

PRIMEIRO.- *Constituír e adherir ao concello de Ponte deume á “Asociación de Concellos para a Xestión da Comarca do Eume”.*

SEGUNDO.- *Dar aprobación aos estatutos propostos, do seguinte teor literal:*

Estatutos da Asociación de Concellos para a Xestión da Comarca do Eume

Capítulo I Da asociación en xeral

Artigo 1º.-

1. Constitúese unha asociación sen ánimo de lucro das previstas na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e tendo en consideración a Disposición adicional quinta da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e demais disposicións legais. A asociación ten a seguinte denominación “Asociación de Concellos para a xestión da Comarca do Eume”. 2. A asociación rexerese polos citados estatutos, pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo e pola demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable.

Artigo 2º.-

No momento de constitución o domicilio social da asociación radicará na Casa Consistorial do Concello das Pontes de García Rodríguez, Parque Municipal s/n, 15320 – As Pontes, A Coruña.

Artigo 3º.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A asociación, en funcións dos seus fins e do emprazamento do seu domicilio social, exercerá as súas actividades no ámbito territorial de Galicia, e fundamentalmente nos concellos de A Capela, As Pontes de García Rodríguez, Cabanas, Monfero e Ponte deume.

Artigo 4º

1. A asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade dos asociados expresada en asemblea xeral extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

2. A asociación nace sen patrimonio propio e aterase no seu réxime económico ás seguintes premisas:

a. Terá un carácter non lucrativo.

b. Para o cumprimento dos seus fins a asociación contará cun orzamento formado polas achegas anuais dos seus membros, así como por outros recursos aos que acceda a asociación.

c. Todos os seus ingresos aplicaranse aos fins que constitúe no obxecto desta asociación, sen que caiba en ningún caso a súa repartición entre os asociados, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

d. O seu patrimonio será independente do dos seus asociados.

e. Os beneficios obtidos pola asociación, derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, deberán destinarse exclusivamente ao cumprimento dos seus fins, sen que caiba en ningún caso a súa repartición entre asociados, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

f. Anualmente a xunta directiva presentará á asemblea unha memoria económica do exercicio xa rematado, xunto cos xustificantes de gasto que deberán ser de valor legal. Esta memoria deberá ser aprobada pola asemblea de socios.

g. Para a contratación de servizos ou investimentos, a asociación estará suxeita á lexislación vixente de Contratos do Sector Público.

3. A asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución

e o resto do ordenamento xurídico.

Artigo 5º.-

Son fins principais da asociación:

- A promoción do desenvolvemento sostible e equilibrado do territorio que conforma a Comarca do Eume, con especial apoio dos seus valores, naturais e culturais, mediante o desenvolvemento de accións e a posta en marcha de actividades cuxo efecto repercuta no beneficio das persoas que viven no devandito territorio.

- A protección e conservación do patrimonio natural do territorio, facendo especial fincapé no Parque Natural das Fragas do Eume e a súa posta en valor como recurso, coa finalidade do desenvolvemento económico e social da súa poboación.

- O fomento das ciencias da Terra no devandito territorio, nos ámbitos da investigación, educación (regrada e non regrada) e difusión, e o impulso doutras ciencias naturais e ambientais.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- A posta en valor, dinamización, recuperación e difusión do patrimonio cultural.
- A promoción e realización de actividades vinculadas ao patrimonio cultural material e inmaterial (lingua, tradicións, costumes, oficios, memoria oral, creación artística ,etc.), dando prioridade a aquelas actividades directamente relacionadas co patrimonio natural e cultural das Fragas do Eume.
- O fomento da educación ambiental, con especial atención aos valores propios do territorio.
- O fomento do turismo, especialmente o vinculado aos recursos naturais e culturais, sempre dentro dun marco de sustentabilidade.
- A mellora da calidade e a oferta turística do territorio.
- A dinamización de actividades económicas compatibles cos recursos naturais e culturais do territorio, apoiando especialmente as iniciativas relacionadas cos produtos locais.
- A promoción e o apoio ás accións de cooperación con outras entidades que poidan contribuír ao impulso dos fins da asociación.
- O fomento do contacto e da relación con outras entidades de natureza análoga que teñan entre os seus fins a promoción e defensa dos recursos naturais e culturais, e nomeadamente da figura do Parque Natural das Fragas do Eume.
- A realización doutras actividades que promovan o desenvolvemento económico, social e ambiental do territorio dos concellos vinculados ao proxecto de Xestión da Comarca do Eume. Para levar a cabo os seus fins a asociación poderá:
- Establecer as estruturas orgánicas e administrativas pertinentes.
- Facilitar o intercambio de información sobre temas relacionados co proxecto de Xestión da Comarca do Eume nos concellos membros.
- Constituír os servizos de asesoramento e asistencia para os seus membros.
- Dirixirse aos poderes públicos e intervir con carácter consultivo, no seu caso, na formulación da normativa legal que afecte aos seus municipios.
- Organizar e participar en reunións, seminarios e congresos.
- Promover publicacións e documentos nas materias propias das súas competencias.
- Realizar calquera outra actividade con suxeición á lexislación vixente.
- Planificar e executar programas anuais en directa relación coa súa finalidade e obxectivos.

Capítulo II Das persoas asociadas

Artigo 6º.-

1. Poderán formar parte da asociación todos os concellos que integren a Comarca do Eume. O acordo de integración deberá ser adoptado polo órgano competente da Corporación interesada, no que se expresará a súa vontade de adhesión e cumprimento dos presentes estatutos. Cada concello nomeará unha persoa como representante na asemblea xeral.
2. A alta na asociación será solicitada pola presidencia da Corporación, previo acordo plenario, mediante escrito dirixido á presidencia da asociación, quen dará conta á asemblea xeral, que acordará acceder ou non á admisión.
3. Calquera membro pode separarse da asociación, previo acordo plenario da Corporación correspondente. Esta separación causará efectos a partir da toma de coñecemento da asemblea xeral.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

4. O membro que, por calquera causa, deixase de pertencer á asociación, estará suxeito ao cumprimento dos compromisos e obrigacións contraídas.

Artigo 7º.-

Os dereitos dos membros da asociación son:

- a. Asistir con voz e voto ás asembleas e reunións que se celebren.
- b. Ser candidatos/as aos cargos dos órganos de goberno.
- c. Participar nas áreas da asociación.
- d. Ter acceso aos arquivos, rexistros e documentos.
- e. Ter coñecemento da execución do orzamento.
- f. Solicitar á presidencia a convocatoria da asemblea xeral, segundo os casos, cando estimen que os seus dereitos fosen vulnerados, sen prexuízo da impugnación de acordos que poidan formular segundo a lexislación vixente.

Artigo 8º.-

As obrigas dos socios da asociación son:

- a. Cumprir os presentes estatutos e os acordos válidos da asociación e os seus órganos de goberno.
- b. Pagar as cotas regulamentarias e as achegas extraordinarias que, no seu caso, puidesen establecerse.
- c. Velar pola consecución dos fins propostos, cumprindo con exactitude as disposicións estatutarias e os regulamentos.

Artigo 9º.-

A condición de socio alterarase por algún dos seguintes motivos:

- a. Por acordo da corporación correspondente, segundo o disposto no artigo 6.3.
- b. Por deber máis dunha cota, perderase o dereito de voto nos órganos da asociación. Así mesmo, ningún concello con cotas pendentes poderá ser membro da xunta directiva.
- c. Os concellos que están neste suposto, verán reducida a súa presenza nas accións promocionais que a asociación desenvolva, así como nos materiais editados pola mesma durante ese período.
- d. Perderase a condición de socio da asociación, por falta de pagamento de 3 cotas ou máis, cando unha vez realizado o requirimento, pasasen máis de tres meses sen o pagamento das cotas debidas.

Artigo 10º.-

1. Poderán participar na asociación as denominadas Entidades Amigas, que serán entidades públicas ou privadas que teñan entre os seus obxectivos o desenvolvemento, defensa e promoción da Comarca do Eume, con especial atención ao Parque Natural das Fragas do Eume.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2. A condición de Entidade amiga supón que pode participar nas reunións e asembleas da asociación con voz pero sen voto, non poderá formar parte dos órganos de goberno e non ten a obriga do pagamento de cotas.

3. Para obter a condición de entidade amiga a interesada deberá solicitar á presidencia a admisión, argumentando o seu vencello co territorio e co proxecto de desenvolvemento sostible da comarca do Eume. Será a asemblea xeral a que acorde acceder ou non á admisión.

Capítulo III Dos órganos da asociación

Artigo 11º.-

Os órganos de goberno da asociación son os seguintes:

- a. Asemblea xeral onde están representados todos os socios.
- b. Xunta directiva, que é o órgano do goberno da asociación e está formada pola presidencia, vicepresidencia, secretaría, tesouraría e un vogal.
- c. Presidencia.

Artigo 12º.-

A asemblea é o órgano soberano da asociación e está formada por todos/as os/as representantes das Corporacións asociadas, cargo que recaerá nas persoas que estas designen de conformidade coa súa normativa.

Artigo 13º.-

Son competencias da asemblea xeral:

- a. Aprobar a modificación dos estatutos.
- b. Aprobar o plan de actuacións da asociación.
- c. Aprobar os orzamentos e contas xerais, así como o regulamento de réxime interno.
- d. Aprobar as cotas ordinarias e achegas económicas extraordinarias.
- e. Disolver a asociación.
- f. Establecer a estrutura organizativa.
- g. Aplicar o réxime disciplinario e sancionador nos supostos previstos nos Estatutos e Regulamento interno que os desenvolven.
- h. Aprobar a admisión de novos socios e entidades amigas.

Artigo 14º.-

1. As sesións que celebre a asemblea xeral poderán ser ordinarias e extraordinarias.
2. A asemblea reunirse con carácter ordinario polo menos unha vez ao ano, sendo convocada pola Presidencia cun mínimo de sete días naturais de antelación á data da súa celebración.
3. A asemblea reunirse con carácter extraordinario cantas veces sexa necesario, sendo convocada pola Presidencia ou por petición dun terzo dos socios. A convocatoria farase coa mesma antelación prevista no apartado anterior.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

4. As asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela dous terzos dos asociados con dereito a voto; en segunda convocatoria, que se celebrará polo menos media hora máis tarde da primeira, quedará constituída a asemblea sempre que asistan a persoa que ocupe a presidencia e polo menos un terzo dos socios, coa excepción regulada no artigo 25 para a modificación de estatutos. Exercerá a secretaría tanto da Asemblea Xeral como das reunións da xunta a persoa encargada da secretaría da asociación.

Artigo 15º.-

1. Tanto para a asemblea ordinaria, como para a extraordinaria, a convocatoria haberá de facerse por escrito, expresando o lugar, o día e a hora da súa celebración. A comunicación da convocatoria poderá realizarse por correo electrónico ou por outro medio acordado previamente por todos os socios.

2. Acompañarase á convocatoria a orde do día, comprensiva dos asuntos a tratar, debéndose incluír naquela, necesariamente, calquera tema que estando dentro dos fins desta asociación, fose expresamente solicitado polo menos por un terzo dos membros.

Artigo 16º.-

1. Os acordos adoptaranse por maioría. En caso de empate, decidirá o voto de calidade da presidencia.

2. Será necesaria maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade destas, para:

- Nomeamento das xuntas directivas e administradores.
- Acordo para constituír unha federación de asociacións ou integrarse nelas.
- Disposición ou alleamento de bens integrantes do inmovilizado.
- Modificación de estatutos.
- Destitución da persoa que ocupe a presidencia.
- Disolución da entidade.

Artigo 17º.-

As asembleas estarán presididas pola persoa que ocupe a presidencia, asistido da secretaría, quen levantará acta da sesión, na que se reflectirán as propostas e resolucións adoptadas.

Capítulo IV Doutras órganos da asociación

Artigo 18º.-

1. A Presidencia da asociación será designada por sorteo entre as persoas representantes de cada un dos concellos, sendo posteriormente traspasada de forma rotativa, e por orde alfabética de municipios. As persoas que ocupen os cargos da vicepresidencia, secretaría, tesouraría e a vogalía que completan a Xunta directiva serán designadas por orde alfabética, a partir do concello que ocupe a presidencia.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2. A Vicepresidencia substituirá á Presidencia en caso de ausencia e, en casos concretos, poderá recibir a delegación do exercicio das súas competencias.

Artigo 19º.-

1. A duración do mandato da presidencia será dun (1) ano.
2. Calquera dos membros da Xunta directiva cesarán nos seus cargos polas seguintes causas:
 - a. Por dimisión, comunicada por escrito á asemblea.
 - b. Por perda da condición de membro da asociación.
 - c. Por destitución mediante acordo da Asemblea Xeral en sesión extraordinaria, convocada a este só efecto, en tanto se celebre a seguinte Asemblea Xeral. Será necesario o voto da maioría absoluta dos asistentes.
3. As vacantes que se puidesen producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta directiva, serán cubertas provisionalmente entre os ditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral. En calquera caso, a Xunta directiva debe estar integrada como mínimo por 3 concellos, que exercerán as funcións de Presidencia, Secretaría e Tesouraría.

Artigo 20º.-

A persoa que ocupe a Presidencia da asociación serao tamén da asemblea, e terá as seguintes atribucións:

- a. Representar a asociación.
- b. Tutelar a Oficina Técnica de Xestión.
- c. Convocar e presidir as sesións da Asemblea Xeral, con voz, voto e voto de calidade.
- d. Ordenar e autorizar pagos.
- e. Asinar en nome da asociación cantos documentos públicos e privados sexan precisos para percibir calquera tipo de subvención, achegas derivadas de convenios e toda clase de cantidades e cobros por calquera concepto das Administracións públicas e dos organismos delas dependentes ou doutras entidades, públicas ou non, e para iso asinar os documentos públicos e privados que sexan precisos ou convenientes en nome da asemblea.

Artigo 21º.-

1. A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:
 - a. A aprobación do programa de traballo e proxectos da asociación.
 - b. A fixación e execución do orzamento tendo en conta as liñas marcadas pola asemblea xeral, segundo os recursos económicos dos que se dispoña.
 - c. O nomeamento dunha Comisión Revisora de Contas que examine os balances económicos-financeiros e inventario dos bens da asociación e dea parte á Asemblea Xeral.
 - d. Executar os acordos da Asemblea Xeral.
 - e. Decidir sobre cuestións reservadas á Asemblea Xeral en caso de extrema urxencia, debendo ser ratificadas as ditas resolucións posteriormente pola Asemblea Xeral na seguinte sesión que celebre.
 - f. Velar polo bo funcionamento da asociación.
- g. As competencias que a Presidencia ou a Asemblea Xeral deleguen nela.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2. A duración do mandato dos membros de Xunta Directiva será dun (1) ano.

Artigo 22º.-

1. Son funcións da Secretaría:

- a. A función de xefatura dos servizos administrativos da asociación.
- b. Custodiar e levar ao día toda a documentación, arquivos e rexistros da asociación.
- c. Levantar actas dos acordos chegados na Asemblea Xeral e a Xunta Directiva e expedir certificacións destas co visto e prace da Presidencia.

2. Son funcións da Tesouraría:

- a. Custodiar os fondos da asociación e levar en orde a contabilidade.
- b. Dar cumprimento ás ordes de pagamento que expida a Presidencia.
- c. Confeccionar os orzamentos anuais, os estados de contas e os balances da asociación.

Artigo 23º.-

1. A asociación poderá dispor dunha Oficina Técnica de Xestión asumindo as responsabilidades como órgano de xestión.

2. A Oficina Técnica de Xestión, de conformidade coas directrices marcadas pola Presidencia, establécese con orde a desenvolver coa maior eficacia técnica e profesional os obxectivos da asociación. De carácter eminentemente profesional haberá de resolver, planificar e executar os programas anuais. As funcións da Oficina Técnica de Xestión, incluídas as de xerencia, serán desempeñadas por persoal ou órganos técnicos vinculados ás corporacións das que forman a Xunta Directiva da asociación ou por persoal contratado pola asociación.

3. Son funcións da xerencia en virtude dos acordos previos, sen menoscabo das que lle fosen encargadas pola Presidencia, as seguintes:

- a. Asistencia técnica á Presidencia e coordinación xeral dos proxectos e das accións da asociación.
- b. Propoñer á Presidencia as accións técnicas e profesionais propias dos obxectivos da asociación.
- c. Relacións de carácter técnico e profesional coas Administracións públicas e entidades privadas.
- d. Convocar reunións técnicas en cantas ocasións fosen necesarias para levar adiante as propostas profesionais derivadas dos obxectivos da asociación ou dos compromisos profesionais que puidesen xurdir.
- e. Elaborar a proposta de orzamentos anuais con desagregación por accións concretas e o orzamento de gastos e mantemento da Oficina Técnica de Xestión.
- f. Auxiliar e asesorar á Presidencia e aos concellos membros respecto das estratexias que se poden desenvolver, dos documentos técnicos que se poden redactar, así como en cantas accións, plans ou proxectos que poidan ser beneficiosos para a asociación.
- g. Propoñer accións para a elaboración de produtos turísticos do territorio e establecer contactos e relacións coas empresas e servizos turísticos relacionados coa asociación.
- h. Planificar e organizar os programas anuais de traballo da asociación en orde a conseguir os obxectivos que se expoñen para a mesma.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

i. Asistir e participar en cantas actividades e convocatorias públicas ou privadas sexan de interese para os obxectivos desta asociación.

Capítulo V Réxime económico

Artigo 24º.-

O Patrimonio da asociación pode estar integrado por toda clase de bens, dereitos e obrigas susceptibles de valoración económica.

1.A asociación constitúese sen patrimonio inicial.

Artigo 25º.-

A dotación patrimonial da asociación estará integrada por todos os bens e dereitos que constitúen a dotación inicial da asociación e por aqueles outros que no sucesivo se acheguen á mesma con ese carácter

Artigo 26º.-

1. Os recursos da asociación procederán de:

a. As cotas ordinarias de carácter anual que serán proporcionais tendo en consideración o censo de habitantes dos concellos membros.

b. As achegas extraordinarias que deberán ser ratificadas polos respectivos plenos.

c. As subvencións ou axudas que se reciban.

d. Os rendementos propios do seu patrimonio e derivados das súas actividades e publicacións.

e. As doazóns que poida recibir.

f. Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

2. As cotas ordinarias terán carácter anual e serán determinadas pola Asemblea Xeral proporcionalmente á poboación actualizada de cada concello.

3. O abono das cotas deberá realizarse no primeiro trimestre do ano, sendo causa de apercibimento a falta de pagamento das mesmas.

4. A asociación levará unha contabilidade que permita obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como cantas obrigacións contables determinen as normas específicas que resulten de aplicación a esta asociación.

5. O exercicio económico coincidirá co ano natural e terminará o día 31 de decembro de cada ano excepto no caso de disolución da asociación, nese caso o peche será o da asemblea que aprobe a disolución. A data de apertura do exercicio económico coincidirá co 1 de xaneiro, excepto no caso da súa fundación que será a data da súa acta fundacional.

Capítulo VI Modificación dos estatutos

Artigo 27º.-

1. A modificación dos estatutos deberá ser aprobada pola Asemblea Xeral en sesión extraordinaria. Para a súa constitución válida será necesaria a presenza, en primeira



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

convocatoria, de dous terzos dos seus membros. Na súa segunda convocatoria, quedará constituída validamente con, polo menos, dous asociados.

2. O acordo de modificación adoptarase por maioría absoluta dos/as asistentes.

Capítulo VII Disolución da asociación

Artigo 28º.-

1. O acordo de disolución deberá ser adoptado en sesión extraordinaria pola Asemblea Xeral convocada para o efecto, e por unha maioría absoluta dos asistentes. Son causas de disolución da asociación:

- Por acordo da asemblea xeral extraordinaria
- Polas causas determinadas no artigo 39 do Código civil
- Por resolución xudicial e firme

2. Acordada a disolución, a asemblea constituirase na Comisión liquidadora, que procederá á liquidación da asociación, repartindo o patrimonio social entre entidades sen fin de lucro, preferentemente vinculadas co ámbito territorial da asociación, unha vez deducidos os recursos para o cumprimento das obrigacións pertinentes.

Disposición adicional

En calquera outro suposto non recollido nestes estatutos, aplicarase a vixente Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

TERCEIRO.- Designar a dona Yolanda Vázquez Busto, concelleira-delegada de Turismo, Formación e Emprego e Novas Tecnoloxías, como representante do concello de Ponte deume ante a Asociación de Concellos para a Xestión da Comarca do Eume

En caso de ausencia, actuará como representante do concello o/a concelleiro/a que se designe mediante decreto da Alcaldía.>>

Sométese a votación a urxencia, quedando **RATIFICADA A URXENCIA**, coa **INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA**, por **11 votos a favor**: 9 votos dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D^a Yolanda Vázquez Busto,, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D^a. Manuela García Fachal, D^a Alejandra Bellón Tenreiro; 2 votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal do PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González; e **1 voto en contra** do concelleiro do Grupo Municipal do BNG, D. Luis Pena Mosquera.

A Presidencia abre a quenda para o debate:

- **Toma a palabra D^a Yolanda Vázquez Busto**, concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE, explica que neste senso xa se fixera un traballo conxunto para a presentación do Plan



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

de Sostenibilidade Turística Fragas do Eume en setembro do 2021, o cal acadou unha achega de 1.500.000 € de Fondos Next Generation, para distintas accións nos Concellos da Comarca do Eume, entre a que se atopa, a rehabilitación do antigo hospitalillo como albergue de peregrinos.

Finalmente di, que a creación desta entidade ten como obxectivo poder continuar o traballo dos concellos de Monfero, A Capela, Cabanas, As Pontes e Ponte deume, de maneira conxunta e coordinada, facilitando a presentación de proxectos para obtención de novas achegas relacionadas coa conservación, protección e desenvolvemento do noso territorio.

- **Toma a palabra D. Santiago José Rodríguez**, concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, comenta que vistos os informes da Secretaria municipal e a Interventora municipal, teñen dúbidas e o seu voto vai a ser abstención.

- **Toma a palabra D. Luis Angel Díaz**, concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, pregunta se saben as cotas que deben pagarse, responde D^a Yolanda Vázquez, que na Asamblea de constitución, cando estean todos os concellos adheridos tomarase a decisión correspondente, pregunta tamén, de onde saen os beneficios que se poidan obter, responde D^a Yolanda Vázquez, que moitas das convocatorias puntúan positivamente a existencia dunha asociación, impulsando o traballo conxunto entre concellos.

- **Toma a palabra D. Bernardo Fernández, Alcalde-Presidente**, indica que é parecido o que fai a Xunta cos obradoiros de emprego, se van varios concellos xuntos teñen máis puntuación, e máis acceso á consecución de fondos.

- **Toma a palabra D. Luis Pena Mosquera**, concelleiro do grupo municipal do BNG, pensa que na súa opinión non é urxente esta proposta, pregunta canto tempo fai que ten concedido o concello o millón e medio de euros dos fondos Next Generation, responde D. Yolanda Vázquez, que a presentación do Plan foi en setembro do 2021, non recorda exactamente a data da resolución, de seguido comenta que aínda quedan concellos por adherirse, pero o concello quere ter a figura constituída por si saen novas convocatorias, lévase moito tempo traballando no expediente; D. Luis Pena reitera de novo que non entende a urxencia, e pregunta cando se informou ao Pleno ou á Corporación da constitución desta asociación ou dos seus estatutos.

- **Toma a palabra D. Bernardo Fernández**, indica que non se ten que informar da creación da asociación, se trae por urxencia porque non deu tempo a informala para que entrara na orde do día, os departamentos están saturados de traballo. De seguido di que as convocatorias de fondos europeos non se sabe cando saen, por tanto canto antes se teña creada a asociación, poderase ter máis puntuación e a posibilidade de captar máis fondos.

- **Toma a palabra D. Luis Pena Mosquera**, non entende a relación entre o millón e medio de euros e a asociación, tamén di que sería interesante que se informara a corporación municipal, e se é tan importante a asociación, para conseguir os fondos, non se traería cun día ou dous, sen explicación ningunha. Pregunta canto tempo fai que están escritos e finalizados os estatutos, responde D^a Yolanda Vázquez, dende hai dous meses, o concello das Pontes foi o primeiro en levalo ao Pleno. Finalmente D. Luis Pena pide que se retire o punto da orde do día, se informe a oposición, que se modifiquen os estatutos, para salvar as carencias que indican a Secretaria e a Interventora, que se poña quen vai a intervir as contas, en definitiva que se fagan ben as cousas.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- **Toma a palabra D^a Yolanda Vázquez**, considera que calquera modificación dos estatutos atrasaría máis a súa consecución.
- **Toma a palabra D. Bernardo Fernández**, aclara que os estatutos non son do concello de Ponte deume, senón da asociación, calquera proposta de modificación tería que falarse co resto dos concellos.
- **Toma a palabra D. Luis Pena**, pregunta como é posible que non estean solucionadas as salvidades técnicas, cando hai máis de 6 meses que están escritos os estatutos e coordinados por cinco gobernos da comarca, pregunta quen fará a intervención das contas.
- **Toma a palabra D. Bernardo Fernández**, responde que as contas fíxanse na primeira asemblea, di que a tramitación dos fondos faíno a Deputación Provincial da Coruña, o estado habilita á Deputación Provincial para que tramite as subvencións, non se están asumindo competencias. Indica que as intervencións dos distintos concellos son as que farán a intervención das contas. Non entende por que está a dar tantas voltas ao asunto, pero di que ten claro que pouco ten que ver coa finalidade da asociación, senón por quen compón a mesma.
- **Toma a palabra D. Luis Pena**, indica que son os mesmos problemas que ve a Interventora e a Secretaría, si se solucionan, están desexando votar a favor, si se trae con urxencia algo que pode converterse nunha forma xurídica instrumental, mellor dito é unha forma xurídica instrumental, sen ningunha utilidade, escápase do control do Pleno e da Intervención. Finalmente pide que se aprace a aprobación dos estatutos ata facelos ben, e poder votar a favor
- **Toma a palabra D^a Yolanda Vázquez**, enumera as figuras da asociación, o Secretario a Tesouraría, que daría conta das achegas, e o Presidente.
- **Toma a palabra D. Luis Pena**, pregunta que funcionario público vai a intervir as contas da asociación, responde D^a Yolanda Vázquez, que coma ben dixo D. Luis Pena, agora mesmo é unha figura instrumental que se quere ter para a obtención de subvencións, e terá que dar os seus pasos para conseguir un traballo continuo. Finalmente di, que nos estatutos un dos obxectivos e tratar de acadar unha achega para ter unha xerencia, non entende cal é o problema, pois nos outros concellos aprobáronse sen complicacións, todas as propostas dos concellos irán fiscalizadas convenientemente.
- **Toma a palabra D. Luis Pena**, indica que hai tres problemas, primeiro o goberno municipal non foi capaz de informar en seis meses ao Pleno da corporación, segundo hai que facer ben as cousas, paralizando todo isto un mes e medio, e intentar eliminar os problemas que pon a Secretaría e a Interventora e terceiro pregunta quen intervéen as contas da asociación, responde D. Yolanda Vázquez, pola Tesouraría que se cree no momento da constitución da asociación
- **Toma a palabra D. Bernardo Fernández**, responde ás cuestións formuladas por D. Luis Pena, en canto a primeira di que é decisión do goberno municipal, que está para gobernar, porque así o deciden os veciños. D. Luis Pena interrompe ó Alcalde en varias ocasións, e este pídelles que garde silencio, de seguido comenta D. Bernardo Fernández, que a realidade é que o Bloque Nacionalista Galego non está gobernando en ningún dos cinco concellos que forman a asociación, por iso non pode ter control sobra esta, e indica tamén que ao definir D. Luis Pena a asociación coma un chiringuito, demostra o descoñecemento e certos prexuízos que ten, por un lado di que non sabe nada e por outro a definea coma un chiringuito. En canto á segunda cuestión, explica que vai cumprir ca Lei en todos os seus ámbitos, non hai ningún tipo de problema, máis alá de que a tramitación é lenta. Finalmente di que ten que respectar a súa rolda de palabra, para poder ter un debate sosegado, sen que estea atosigando constantemente.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- **Toma a palabra D. Luis Pena**, afirma que non atosigou a ninguén, e en ningún momento da sesión plenaria pronunciou a palabra chiringuito, quen di a palabra chiringuito é o Sr. Alcalde, falou da forma xurídica instrumental. De seguido comenta que non está en contra da asociación, todo o contrario, pedía esperar un pouco para mellorar os estatutos, e volver a presentalos. O que pide é que se aprace a presentación destes estatutos para poder votar a favor, eliminar as pequenas fallas, que quede claro quen vai a ser a intervención, non a propia asociación, senón unha intervención externa. Finalmente pide desculpas por si atosigou a algún membro da corporación municipal.

- **Toma a palabra D. Bernardo Fernández**, acepta as desculpas de D. Luis Pena, afirma que si atosigou interrompendo constantemente, sendo unha falta de respecto e educación, di que escoitou a palabra chiringuito, pero coma o Pleno está gravado, cando teña a posibilidade de escoitalo xa dirá, non vai a retirar o punto da orde do día, a asociación cumpre actualmente con todos os requisitos legais, e a persoa que ocupe o cargo de Tesoureiro non vai a trampa as contas.

Sen máis intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 9 votos a favor**: 9 dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D^a Yolanda Vázquez Busto, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D^a Manuela García Fachal, D^a Alejandra Bellón Tenreiro; e **3 abstencións**: 2 dos concelleiros do Grupo Municipal do PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González; e 1 do Grupo Municipal do BNG: D. Luis Pena Mosquera, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Constituír e adherir ao concello de Ponte deume á "Asociación de Concellos para a Xestión da Comarca do Eume".

SEGUNDO.- Dar aprobación aos estatutos propostos, do seguinte teor literal:

Estatutos da Asociación de Concellos para a Xestión da Comarca do Eume

Capítulo I Da asociación en xeral

Artigo 1º.-

1. Constitúese unha asociación sen ánimo de lucro das previstas na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e tendo en consideración a Disposición adicional quinta da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e demais disposicións legais. A asociación ten a seguinte denominación "Asociación de Concellos para a xestión da Comarca do Eume". 2. A asociación rexeráse polos citados estatutos, pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo e pola demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable.

Artigo 2º.-

No momento de constitución o domicilio social da asociación radicará na Casa Consistorial do Concello das Pontes de García Rodríguez, Parque Municipal s/n, 15320 – As Pontes, A Coruña.

Artigo 3º.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A asociación, en funcións dos seus fins e do emprazamento do seu domicilio social, exercerá as súas actividades no ámbito territorial de Galicia, e fundamentalmente nos concellos de A Capela, As Pontes de García Rodríguez, Cabanas, Monfero e Ponte deume.

Artigo 4º

1. A asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade dos asociados expresada en asemblea xeral extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.
2. A asociación nace sen patrimonio propio e aterase no seu réxime económico ás seguintes premisas:
 - a. Terá un carácter non lucrativo.
 - b. Para o cumprimento dos seus fins a asociación contará cun orzamento formado polas achegas anuais dos seus membros, así como por outros recursos aos que acceda a asociación.
 - c. Todos os seus ingresos aplicaranse aos fins que constitúe no obxecto desta asociación, sen que caiba en ningún caso a súa repartición entre os asociados, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.
 - d. O seu patrimonio será independente do dos seus asociados.
 - e. Os beneficios obtidos pola asociación, derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, deberán destinarse exclusivamente ao cumprimento dos seus fins, sen que caiba en ningún caso a súa repartición entre asociados, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.
 - f. Anualmente a xunta directiva presentará á asemblea unha memoria económica do exercicio xa rematado, xunto cos xustificantes de gasto que deberán ser de valor legal. Esta memoria deberá ser aprobada pola asemblea de socios.
 - g. Para a contratación de servizos ou investimentos, a asociación estará suxeita á lexislación vixente de Contratos do Sector Público.
3. A asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

Artigo 5º.-

Son fins principais da asociación:

- A promoción do desenvolvemento sostible e equilibrado do territorio que conforma a Comarca do Eume, con especial apoio dos seus valores, naturais e culturais, mediante o desenvolvemento de accións e a posta en marcha de actividades cuxo efecto repercute no beneficio das persoas que viven no devandito territorio.
- A protección e conservación do patrimonio natural do territorio, facendo especial fincapé no Parque Natural das Fragas do Eume e a súa posta en valor como recurso, coa finalidade do desenvolvemento económico e social da súa poboación.
- O fomento das ciencias da Terra no devandito territorio, nos ámbitos da investigación, educación (regrada e non regrada) e difusión, e o impulso doutras ciencias naturais e ambientais.
- A posta en valor, dinamización, recuperación e difusión do patrimonio cultural.
- A promoción e realización de actividades vinculadas ao patrimonio cultural material e inmaterial (lingua, tradicións, costumes, oficios, memoria oral, creación artística ,etc.), dando prioridade a aquelas actividades directamente relacionadas co patrimonio natural e cultural das Fragas do Eume.
- O fomento da educación ambiental, con especial atención aos valores propios do



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

territorio.

- O fomento do turismo, especialmente o vinculado aos recursos naturais e culturais, sempre dentro dun marco de sustentabilidade.
- A mellora da calidade e a oferta turística do territorio.
- A dinamización de actividades económicas compatibles cos recursos naturais e culturais do territorio, apoiando especialmente as iniciativas relacionadas cos produtos locais.
- A promoción e o apoio ás accións de cooperación con outras entidades que poidan contribuír ao impulso dos fins da asociación.
- O fomento do contacto e da relación con outras entidades de natureza análoga que teñan entre os seus fins a promoción e defensa dos recursos naturais e culturais, e nomeadamente da figura do Parque Natural das Fragas do Eume.
- A realización doutras actividades que promovan o desenvolvemento económico, social e ambiental do territorio dos concellos vinculados ao proxecto de Xestión da Comarca do Eume. Para levar a cabo os seus fins a asociación poderá:
 - Establecer as estruturas orgánicas e administrativas pertinentes.
 - Facilitar o intercambio de información sobre temas relacionados co proxecto de Xestión da Comarca do Eume nos concellos membros.
 - Constituír os servizos de asesoramento e asistencia para os seus membros.
 - Dirixirse aos poderes públicos e intervir con carácter consultivo, no seu caso, na formulación da normativa legal que afecte aos seus municipios.
 - Organizar e participar en reunións, seminarios e congresos.
 - Promover publicacións e documentos nas materias propias das súas competencias.
 - Realizar calquera outra actividade con suxeición á lexislación vixente.
 - Planificar e executar programas anuais en directa relación coa súa finalidade e obxectivos.

Capítulo II Das persoas asociadas

Artigo 6º.-

1. Poderán formar parte da asociación todos os concellos que integren a Comarca do Eume. O acordo de integración deberá ser adoptado polo órgano competente da Corporación interesada, no que se expresará a súa vontade de adhesión e cumprimento dos presentes estatutos. Cada concello nomeará unha persoa como representante na asemblea xeral.
2. A alta na asociación será solicitada pola presidencia da Corporación, previo acordo plenario, mediante escrito dirixido á presidencia da asociación, quen dará conta á asemblea xeral, que acordará acceder ou non á admisión.
3. Calquera membro pode separarse da asociación, previo acordo plenario da Corporación correspondente. Esta separación causará efectos a partir da toma de coñecemento da asemblea xeral.
4. O membro que, por calquera causa, deixase de pertencer á asociación, estará suxeito ao cumprimento dos compromisos e obrigacións contraídas.

Artigo 7º.-

Os dereitos dos membros da asociación son:



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- a. Asistir con voz e voto ás asembleas e reunións que se celebren.
- b. Ser candidatos/as aos cargos dos órganos de goberno.
- c. Participar nas áreas da asociación.
- d. Ter acceso aos arquivos, rexistros e documentos.
- e. Ter coñecemento da execución do orzamento.
- f. Solicitar á presidencia a convocatoria da asemblea xeral, segundo os casos, cando estimen que os seus dereitos fosen vulnerados, sen prexuízo da impugnación de acordos que poidan formular segundo a lexislación vixente.

Artigo 8º.-

As obrigas dos socios da asociación son:

- a. Cumprir os presentes estatutos e os acordos válidos da asociación e os seus órganos de goberno.
- b. Pagar as cotas regulamentarias e as achegas extraordinarias que, no seu caso, puidesen establecerse.
- c. Velar pola consecución dos fins propostos, cumprindo con exactitude as disposicións estatutarias e os regulamentos.

Artigo 9º.-

A condición de socio alterarase por algún dos seguintes motivos:

- a. Por acordo da corporación correspondente, segundo o disposto no artigo 6.3.
- b. Por deber máis dunha cota, perderase o dereito de voto nos órganos da asociación. Así mesmo, ningún concello con cotas pendentes poderá ser membro da xunta directiva.
- c. Os concellos que están neste suposto, verán reducida a súa presenza nas accións promocionais que a asociación desenvolva, así como nos materiais editados pola mesma durante ese período.
- d. Perderase a condición de socio da asociación, por falta de pagamento de 3 cotas ou máis, cando unha vez realizado o requirimento, pasasen máis de tres meses sen o pagamento das cotas debidas.

Artigo 10º.-

1. Poderán participar na asociación as denominadas *Entidades Amigas*, que serán entidades públicas ou privadas que teñan entre os seus obxectivos o desenvolvemento, defensa e promoción da Comarca do Eume, con especial atención ao Parque Natural das Fragas do Eume.
2. A condición de *Entidade amiga* supón que pode participar nas reunións e asembleas da asociación con voz pero sen voto, non poderá formar parte dos órganos de goberno e non ten a obriga do pagamento de cotas.
3. Para obter a condición de *entidade amiga* a interesada deberá solicitar á presidencia a admisión, argumentando o seu vencello co territorio e co proxecto de desenvolvemento sostible da comarca do Eume. Será a asemblea xeral a que acorde acceder ou non á admisión.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Capítulo III Dos órganos da asociación

Artigo 11º.-

Os órganos de goberno da asociación son os seguintes:

- a. Asemblea xeral onde están representados todos os socios.
- b. Xunta directiva, que é o órgano do goberno da asociación e está formada pola presidencia, vicepresidencia, secretaría, tesouraría e un vogal.
- c. Presidencia.

Artigo 12º.-

A asemblea é o órgano soberano da asociación e está formada por todos/as os/as representantes das Corporacións asociadas, cargo que recaerá nas persoas que estas designen de conformidade coa súa normativa.

Artigo 13º.-

Son competencias da asemblea xeral:

- a. Aprobar a modificación dos estatutos.
- b. Aprobar o plan de actuacións da asociación.
- c. Aprobar os orzamentos e contas xerais, así como o regulamento de réxime interno.
- d. Aprobar as cotas ordinarias e achegas económicas extraordinarias.
- e. Disolver a asociación.
- f. Establecer a estrutura organizativa.
- g. Aplicar o réxime disciplinario e sancionador nos supostos previstos nos Estatutos e Regulamento interno que os desenvolven.
- h. Aprobar a admisión de novos socios e *entidades amigas*.

Artigo 14º.-

1. As sesións que celebre a asemblea xeral poderán ser ordinarias e extraordinarias.
2. A asemblea reunirse con carácter ordinario polo menos unha vez ao ano, sendo convocada pola Presidencia cun mínimo de sete días naturais de antelación á data da súa celebración.
3. A asemblea reunirse con carácter extraordinario cantas veces sexa necesario, sendo convocada pola Presidencia ou por petición dun terzo dos socios. A convocatoria farase coa mesma antelación prevista no apartado anterior.
4. As asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela dous terzos dos asociados con dereito a voto; en segunda convocatoria, que se celebrará polo menos media hora máis tarde da primeira, quedará constituída a asemblea sempre que asistan a persoa que ocupe a presidencia e polo menos un terzo dos socios, coa excepción regulada no artigo 25 para a modificación de estatutos. Exercerá a secretaría tanto da Asemblea Xeral como das reunións da xunta a persoa encargada da secretaría da asociación.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Artigo 15º.-

1. Tanto para a asemblea ordinaria, como para a extraordinaria, a convocatoria haberá de facerse por escrito, expresando o lugar, o día e a hora da súa celebración. A comunicación da convocatoria poderá realizarse por correo electrónico ou por outro medio acordado previamente por todos os socios.
2. Acompañarase á convocatoria a orde do día, comprensiva dos asuntos a tratar, debéndose incluír naquela, necesariamente, calquera tema que estando dentro dos fins desta asociación, fose expresamente solicitado polo menos por un terzo dos membros.

Artigo 16º.-

1. Os acordos adoptaranse por maioría. En caso de empate, decidirá o voto de calidade da presidencia.
2. Será necesaria maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade destas, para:
 - a. Nomeamento das xuntas directivas e administradores.
 - b. Acordo para constituír unha federación de asociacións ou integrarse nelas.
 - c. Disposición ou alleamento de bens integrantes do inmovilizado.
 - d. Modificación de estatutos.
 - e. Destitución da persoa que ocupe a presidencia.
 - f. Disolución da entidade.

Artigo 17º.-

As asembleas estarán presididas pola persoa que ocupe a presidencia, asistido da secretaría, quen levantará acta da sesión, na que se reflectirán as propostas e resolucións adoptadas.

Capítulo IV Doutrous órganos da asociación

Artigo 18º.-

1. A Presidencia da asociación será designada por sorteo entre as persoas representantes de cada un dos concellos, sendo posteriormente traspasada de forma rotativa, e por orde alfabética de municipios. As persoas que ocupen os cargos da vicepresidencia, secretaría, tesouraría e a vogalía que completan a Xunta directiva serán designadas por orde alfabética, a partir do concello que ocupe a presidencia.
2. A Vicepresidencia substituirá á Presidencia en caso de ausencia e, en casos concretos, poderá recibir a delegación do exercicio das súas competencias.

Artigo 19º.-

1. A duración do mandato da presidencia será dun (1) ano.
2. Calquera dos membros da Xunta directiva cesarán nos seus cargos polas seguintes causas:



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- a. Por dimisión, comunicada por escrito á asemblea.
 - b. Por perda da condición de membro da asociación.
 - c. Por destitución mediante acordo da Asemblea Xeral en sesión extraordinaria, convocada a este só efecto, en tanto se celebre a seguinte Asemblea Xeral. Será necesario o voto da maioría absoluta dos asistentes.
3. As vacantes que se puidesen producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta directiva, serán cubertas provisionalmente entre os ditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral. En calquera caso, a Xunta directiva debe estar integrada como mínimo por 3 concellos, que exercerán as funcións de Presidencia, Secretaría e Tesouraría.

Artigo 20º.-

A persoa que ocupe a Presidencia da asociación serao tamén da asemblea, e terá as seguintes atribucións:

- a. Representar a asociación.
- b. Tutelar a Oficina Técnica de Xestión.
- c. Convocar e presidir as sesións da Asemblea Xeral, con voz, voto e voto de calidade.
- d. Ordenar e autorizar pagos.
- e. Asinar en nome da asociación cantos documentos públicos e privados sexan precisos para percibir calquera tipo de subvención, achegas derivadas de convenios e toda clase de cantidades e cobros por calquera concepto das Administracións públicas e dos organismos delas dependentes ou doutras entidades, públicas ou non, e para iso asinar os documentos públicos e privados que sexan precisos ou convenientes en nome da asemblea.

Artigo 21º.-

1. A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:
 - a. A aprobación do programa de traballo e proxectos da asociación.
 - b. A fixación e execución do orzamento tendo en conta as liñas marcadas pola asemblea xeral, segundo os recursos económicos dos que se dispoña.
 - c. O nomeamento dunha Comisión Revisora de Contas que examine os balances económicos-financeiros e inventario dos bens da asociación e dea parte á Asemblea Xeral.
 - d. Executar os acordos da Asemblea Xeral.
 - e. Decidir sobre cuestións reservadas á Asemblea Xeral en caso de extrema urxencia, debendo ser ratificadas as ditas resolucións posteriormente pola Asemblea Xeral na seguinte sesión que celebre.
 - f. Velar polo bo funcionamento da asociación.
 - g. As competencias que a Presidencia ou a Asemblea Xeral deleguen nela.
2. A duración do mandato dos membros de Xunta Directiva será dun (1) ano.

Artigo 22º.-

1. Son funcións da Secretaría:
 - a. A función de xefatura dos servizos administrativos da asociación.
 - b. Custodiar e levar ao día toda a documentación, arquivos e rexistros da asociación.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- c. Levantar actas dos acordos chegados na Asemblea Xeral e a Xunta Directiva e expedir certificacións destas co visto e praxe da Presidencia.
2. Son funcións da Tesouraría:
 - a. Custodiar os fondos da asociación e levar en orde a contabilidade.
 - b. Dar cumprimento ás ordes de pagamento que expida a Presidencia.
 - c. Confeccionar os orzamentos anuais, os estados de contas e os balances da asociación.

Artigo 23º.-

1. A asociación poderá dispor dunha Oficina Técnica de Xestión asumindo as responsabilidades como órgano de xestión.
2. A Oficina Técnica de Xestión, de conformidade coas directrices marcadas pola Presidencia, establécese con orde a desenvolver coa maior eficacia técnica e profesional os obxectivos da asociación. De carácter eminentemente profesional haberá de resolver, planificar e executar os programas anuais. As funcións da Oficina Técnica de Xestión, incluídas as de xerencia, serán desempeñadas por persoal ou órganos técnicos vinculados ás corporacións das que forman a Xunta Directiva da asociación ou por persoal contratado pola asociación.
3. Son funcións da xerencia en virtude dos acordos previos, sen menoscabo das que lle fosen encargadas pola Presidencia, as seguintes:
 - a. Asistencia técnica á Presidencia e coordinación xeral dos proxectos e das accións da asociación.
 - b. Propoñer á Presidencia as accións técnicas e profesionais propias dos obxectivos da asociación.
 - c. Relacións de carácter técnico e profesional coas Administracións públicas e entidades privadas.
 - d. Convocar reunións técnicas en cantas ocasións fosen necesarias para levar adiante as propostas profesionais derivadas dos obxectivos da asociación ou dos compromisos profesionais que puidesen xurdir.
 - e. Elaborar a proposta de orzamentos anuais con desagregación por accións concretas e o orzamento de gastos e mantemento da Oficina Técnica de Xestión.
 - f. Auxiliar e asesorar á Presidencia e aos concellos membros respecto das estratexias que se poden desenvolver, dos documentos técnicos que se poden redactar, así como en cantas accións, plans ou proxectos que poidan ser beneficiosos para a asociación.
 - g. Propoñer accións para a elaboración de produtos turísticos do territorio e establecer contactos e relacións coas empresas e servizos turísticos relacionados coa asociación.
 - h. Planificar e organizar os programas anuais de traballo da asociación en orde a conseguir os obxectivos que se expoñen para a mesma.
 - i. Asistir e participar en cantas actividades e convocatorias públicas ou privadas sexan de interese para os obxectivos desta asociación.

Capítulo V Réxime económico

Artigo 24º.-



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O Patrimonio da asociación pode estar integrado por toda clase de bens, dereitos e obrigas susceptibles de valoración económica.

1.A asociación constitúese sen patrimonio inicial.

Artigo 25º.-

A dotación patrimonial da asociación estará integrada por todos os bens e dereitos que constitúen a dotación inicial da asociación e por aqueles outros que no sucesivo se acheguen á mesma con ese carácter

Artigo 26º.-

1. Os recursos da asociación procederán de:
 - a. As cotas ordinarias de carácter anual que serán proporcionais tendo en consideración o censo de habitantes dos concellos membros.
 - b. As achegas extraordinarias que deberán ser ratificadas polos respectivos plenos.
 - c. As subvencións ou axudas que se reciban.
 - d. Os rendementos propios do seu patrimonio e derivados das súas actividades e publicacións.
 - e. As doazóns que poida recibir.
 - f. Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.
2. As cotas ordinarias terán carácter anual e serán determinadas pola Asemblea Xeral proporcionalmente á poboación actualizada de cada concello.
3. O abono das cotas deberá realizarse no primeiro trimestre do ano, sendo causa de apercibimento a falta de pagamento das mesmas.
4. A asociación levará unha contabilidade que permita obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como cantas obrigacións contables determinen as normas específicas que resulten de aplicación a esta asociación.
5. O exercicio económico coincidirá co ano natural e terminará o día 31 de decembro de cada ano excepto no caso de disolución da asociación, nese caso o peche será o da asemblea que aprobe a disolución. A data de apertura do exercicio económico coincidirá co 1 de xaneiro, excepto no caso da súa fundación que será a data da súa acta fundacional.

Capítulo VI Modificación dos estatutos

Artigo 27º.-

1. A modificación dos estatutos deberá ser aprobada pola Asemblea Xeral en sesión extraordinaria. Para a súa constitución válida será necesaria a presenza, en primeira convocatoria, de dous terzos dos seus membros. Na súa segunda convocatoria, quedará constituída validamente con, polo menos, dous asociados.
2. O acordo de modificación adoptarase por maioría absoluta dos/as asistentes.

Capítulo VII Disolución da asociación

Artigo 28º.-



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

1. O acordo de disolución deberá ser adoptado en sesión extraordinaria pola Asemblea Xeral convocada para o efecto, e por unha maioría absoluta dos asistentes. Son causas de disolución da asociación:

- a. Por acordo da asemblea xeral extraordinaria
- b. Polas causas determinadas no artigo 39 do Código civil
- c. Por resolución xudicial e firme

2. Acordada a disolución, a asemblea constituirase na Comisión liquidadora, que procederá á liquidación da asociación, repartindo o patrimonio social entre entidades sen fin de lucro, preferentemente vinculadas co ámbito territorial da asociación, unha vez deducidos os recursos para o cumprimento das obrigacións pertinentes.

Disposición adicional

En calquera outro suposto non recollido nestes estatutos, aplicarase a vixente Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

TERCEIRO.- Designar a dona Yolanda Vázquez Busto, concelleira-delegada de Turismo, Formación e Emprego e Novas Tecnoloxías, como representante do concello de Ponte deume ante a Asociación de Concellos para a Xestión da Comarca do Eume

En caso de ausencia, actuará como representante do concello o/a concelleiro/a que se designe mediante decreto da Alcaldía.

3.- DAR CONTA DA REMISIÓN AO MINISTERIO DA EXECUCIÓN ORZAMENTARIA: TERCEIRO TRIMESTRE DE 2022

A Secretaria municipal da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

<<PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA

REMISIÓN INFORMACIÓN MINISTERIO EXECUCIÓN TRIMESTRAL. TERCEIRO TRIMESTRE 2022

(Expediente TEdC: 2022/X998/000073-2022/G006/000248)

Visto o sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (modificada pola Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro)

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

ÚNICO.- Dar conta do informe de Intervención de referencia 350/2022, de asunto: "Comunicación da remisión de información trimestral ao Ministerio de Hacienda", terceiro trimestre de 2022.>>



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN**

4.- DAR CONTA DA REMISIÓN AO MINISTERIO DO CUSTE EFECTIVO DOS SERVIZOS EXERCICIO 2021

A Secretaría municipal da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA

REMISIÓN DO CÁLCULO DO CUSTO EFECTIVO DOS SERVIZOS PRESTADOS 2021

(Expediente TEdC: 2022/X998/000074-2022/G006/000249)

Visto o sinalado na Orde HAP/2075/2014, de 6 de novembro, pola que se establecen os criterios de cálculo do custo efectivo dos servizos prestados polas entidades locais en desenvolvemento do previsto no artigo 116 ter da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, introducido pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, que establece que antes do día 1 de novembro de cada ano as entidades locais calcularán o custo efectivo dos servizos partindo dos datos contidos na liquidación do orzamento xeral

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

ÚNICO.- Dar conta do informe de Intervención de referencia 359/2022, de asunto: “Comunicación da remisión do cálculo do custo efectivo 2021 ao Ministerio de Hacienda”

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN**

5.-ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES

Dende a Presidencia, proponse para a súa inclusión na orde do día as mocións seguintes:

- 1.- Moción do Grupo Municipal Socialista de apoio á ILP promovida pola Plataforma SOS Sanidade Públicas
- 2.- Moción do Grupo Municipal municipal do PSdG-PSOE, sobre o rexeitamento á suba de peaxes da AP-9
- 3.- Moción do Grupo Municipal do BNG contra a suba dos peaxes da AP-9 e a prol do fomento do sistema de transporte público



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Procedese a exposición da primeira moción presentada, para logo votar a súa inclusión na orde do día e se procede, debaterase a moción:

5.1 .MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE APOIO Á ILP PROMOVIDA POLA PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICAS.

- D. Simoes Couceiro, comenta que a sanidade en Galicia está moi deteriorada, séntese no ambiente cas distintas manifestacións que hai, a atención primaria está decaendo moito, polo tanto van a apoiar a iniciativa lexislativa popular da Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia. Indica que haberá unha concentración en Ponte deume diante do centro de saúde as oito

- D^a Raquel Caruncho, concelleira do PSdG-PSOE, explica que por todos é sabido da situación que estase a dar na sanidade pública, das numerosas queixas das persoas usuarias, que trasladan día tras día, entre as que se encontran:

- A problemática para poñerse en contacto cos centros de saúde
- En moitos casos a prioridade da atención telefónica fronte á presencial
- O peche de consultas
- Prazas vacantes sen cubrir, etc.

Por todo isto, apoian a iniciativa promovida pola Plataforma SOS Sanidade Pública, recollendo estas peticións nos diferentes acordos xa citados, e colaborando na recollida de firmas e nas concentracións previstas o 30 de novembro, diante dos centros de saúde.

O concelleiro do grupo municipal do Partido Socialista D. José Simoes Couceiro da conta do contido da moción presentada, cuxo texto se transcribe a continuación:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellería de Sanidade, leva anos recortando e desmantelando os recursos da Sanidade Pública Galega, especialmente na Atención Primaria, coa finalidade de reducir gasto e favorecer á sanidade privada, que medra de maneira imparable. Paralelamente, os responsables do SERGAS son incapaces de planificar e xestionar a Atención Primaria, poñendo en cuestión a continuidade do sistema de Atención Primaria.

Entre outras cousas, as reducións de persoal, a prioridade pola consulta telefónica por riba da presencial, as dificultades para contactar cos centros e conseguir cita, o peche de consultas, centros e PAC, etc., impiden o acceso normal á asistencia sanitaria a poboación e crean listas de agarda inaceptables.

Como consecuencia do exposto, desapareceu da Atención Primaria a promoción, prevención, rehabilitación, participación e o traballo comunitario, mentres que o persoal está sometido a unha situación de presión, inestabilidade e precariedade, incompatibles cunha atención de calidade.

Todas as medidas recollidas na ILP promovida pola Plataforma SOS Sanidade Pública deberían aprobarse de maneira urxente polo Parlamento de Galicia (dada a gravidade da



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

situación da Atención Primaria, en risco real de desmantelamento e privatización) e ir acompañadas dun incremento do orzamento de Atención Primaria ata alcanzar o 25% do total.

As institucións locais, somos esenciais no proceso de recuperar os recursos, garantir a accesibilidade á asistencia, desmasificar as consultas, reabrir os centros e PAC pechados e acabar cas listas de espera que son incompatibles cunha asistencia racional e de calidade, antes de que sexa demasiado tarde.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista de Ponte deume propón ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes

ACORDOS:

- 1. Apoiar a Iniciativa Lexislativa Popular promovida pola Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia, integrada por organizacións sociais, sanitarias, de pacientes, sindicais e políticas, que pretende que o Parlamento Galego, debata e aprobe unha serie de medidas:**
 - Establecer a atención presencial ao paciente como regra xeral para as consultas médicas
 - Fixar uns mínimos, na dispoñibilidade de centros e persoal por habitante, para salvagardar a calidade da atención aos pacientes
 - Acabar ca inestabilidade e precariedade do persoal e realizar, como mínimo, unha convocatoria anual de prazas
 - Reabrir as consultas, Centros de Saúde e PAC de Urgencias pechados durante os últimos anos
 - Incrementar o persoal médico, de enfermaría, administrativo dos centros de saúde e redimensionar os seus cadros de persoal, incorporando novas categorías profesionais aos equipos como psicoloxía, fisioterapia, atención temperá, logopedia, etc., para desmedicalizar a atención e ofrecer unha asistencia integrada
 - Recuperar as Xerencias de Atención Primaria para dotala de capacidade de planificación e autoxestión e acabar co seu sometemento aos hospitais. Que sexan o elemento esencial para organizar e integrar a Atención Primaria cos hospitais, saúde pública, asistencia social e atención á dependencia
 - Desenvolver as conclusións do Consello Técnico de Saúde de Galicia
 - Poñer en marcha o Concello de Saúde de Galicia e os Consellos de Saúde de Área Sanitaria, para que a poboación teña capacidade real de planificar, decidir e avaliar a actividade dos centros
- 2. Colaborar activamente na recollida de sinaturas e nas mobilizacións e actividades informativas de carácter unitario que se realicen, para ter unha Atención Primaria de Calidade.**



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Sométese a votación a urxencia da moción, quedando **RATIFICADA A URXENCIA**, coa **INCLUSIÓN DA MOCIÓN NA ORDE DO DÍA**, por **UNANIMIDADE**, dos concelleiros concelleiras presentes.

A Presidencia abre a quenda para o debate:

- **Toma a palabra D. Luis Ángel Díaz**, comenta que non só pasa en Galicia senón en toda España, van a apoiar á Plataforma SOS Galicia, o voto vai a ser a favor.

- **Toma a palabra D. Luis Pena**, di que cando mirou a moción, buscou as que presentaran como grupo municipal, e senón recorda mal, presentou unha en outubro de 2021, “*Na Defensa da atención primaria*”, a continuación lee os acordos da mesma, e outra o 27 de setembro de 2022, que defende os mesmos acordos que a Plataforma SOS Galicia, lendo de seguido os acordos da moción. Indica que non ten problema en votar a favor, parécelle un pouco raro o punto número dous, di que é unha función que deberían realizar as plataformas cívicas, os sindicatos, as asociacións, non ten claro que a misión dun concello sexa recoller firmas e promover mobilizacións. Non entende que significa “*carácter unitario*”.

- **Toma a palabra D. José Simoes Couceiro**, comenta que o Partido Socialista si que quere colaborar na recollidas de sinaturas, indica que pódese votar por bloques.

- **Toma a palabra D. Luis Pena**, di que votarán a favor do punto un e absteranse no dous.

- **Toma a palabra D. Bernardo Fernández**, explica que non van a votar por puntos, porque o representante dos cidadáns é o concello de Ponte deume, e coma tal non vai a non asumir a súa competencia de representar aos veciños, nas reclamacións que considera xustas. Indica que antes da moción de Sanidade do Bloque Nacionalista Galego, xa había outra deles, non van a entrar nestas cuestións.

- **Toma a palabra D. Santiago José Rodríguez**, pide desculpas por non poder acudir hoxe a concentración, D Bernardo Fernández, aclara que non é hoxe, senón o día 30.

- **Toma a palabra D. Luis Pena**, indica que foi en setembro cando presentou a súa moción, fai un mes e medio, e é basicamente calcada, non ten problema en votar a favor, é unha situación de futuro, dubida que o partido popular poida votar a favor diso, tería que estar redactada doutro xeito, “*Colaborar activamente na recollida de sinaturas e nas mobilizacións e actividades informativas de carácter unitario, que sexan acordadas polo Pleno*”, para asegurar que se estea informados.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación a moción, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes, o **ACORDO** seguinte:

1. Apoiar a Iniciativa Lexislativa Popular promovida pola Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia, integrada por organizacións sociais, sanitarias, de pacientes, sindicais e políticas, que pretende que o Parlamento Galego, debata e aprobe unha serie de medidas:

- **Establecer a atención presencial ao paciente como regra xeral para as consultas médicas**



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- Fixar uns mínimos, na dispoñibilidade de centros e persoal por habitante, para salvagardar a calidade da atención aos pacientes
- Acabar ca inestabilidade e precariedade do persoal e realizar, como mínimo, unha convocatoria anual de prazas
- Reabrir as consultas, Centros de Saúde e PAC de Urgencias pechados durante os últimos anos
- Incrementar o persoal médico, de enfermaría, administrativo dos centros de saúde e redimensionar os seus cadros de persoal, incorporando novas categorías profesionais aos equipos como psicoloxía, fisioterapia, atención temperá, logopedia, etc., para desmedicalizar a atención e ofrecer unha asistencia integrada
- Recuperar as Xerencias de Atención Primaria para dotala de capacidade de planificación e autoxestión e acabar co seu sometemento aos hospitais. Que sexan o elemento esencial para organizar e integrar a Atención Primaria cos hospitais, saúde pública, asistencia social e atención á dependencia
- Desenvolver as conclusións do Consello Técnico de Saúde de Galicia
- Poñer en marcha o Concello de Saúde de Galicia e os Consellos de Saúde de Área Sanitaria, para que a poboación teña capacidade real de planificar, decidir e avaliar a actividade dos centros

2. Colaborar activamente na recollida de sinaturas e nas mobilizacións e actividades informativas de carácter unitario que se realicen, para ter unha Atención Primaria de Calidade.

5.2. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDG-PSOE, SOBRE O REXEITAMENTO Á SUBA DE PEAXES DA AP-9.

O concelleiro do grupo municipal do Partido Socialista D. José Simoes Couceiro da conta do contido da moción presentada, cuxo texto se transcribe a continuación:

MOCIÓN

Exposición de motivos

A concesionaria da Autoestrada AP-9, Audasa, acaba de propor recentemente un incremento das tarifas da autoestrada dun 9%. Unha medida que de chegar a confirmarse, suporá un duro golpe para as economías de moitos usuarios e usuarias desta infraestrutura, o que tamén producirá un incremento dos prezos do transporte, repercutindo finalmente no incremento do prezo de mercadorías de todo tipo. Unha proposta que nos parece lamentable tendo en conta as actuais circunstancias polas que está atravesando a economía do noso país, principalmente como consecuencia da guerra de Ucraia.

A privatización da AP-9 polo goberno do PP no 2003, significou grandes incrementos das peaxes nunha infraestrutura que está en mans dun fondo especulativo e que



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

goza dunha concesión ampliada até o ano 2048 baixo o Goberno do PP presidido por Aznar, cando esta debería ter expirado no 2012 . Unha explotación que outorga grandes beneficios económicos por unha infraestrutura xa amortizada, como demostran os multimillonarios beneficios da empresa concesionaria. Beneficios que nin sequera repercuten na mellora do servizo. Non se mellorou a iluminación nin o asfaltado en moitos tramos e reduciuse drasticamente o persoal das cabinas de pago. Rexistra colas de horas en períodos estivais ou datas sinaladas sen se adoptaren medidas de ningún tipo.

Dende este Concello levamos demandando desde fai anos que se tomen medidas para que a AP-9 sexa unha vía de comunicación galega, de competencia do Goberno galego, e de acceso gratuíto para toda a cidadanía.

Con todos estes precedentes, é necesario que a Xunta de Galicia deixe de mirar para outro lado e asuma as demandas da cidadanía galega. É precisa a supresión das peaxes, melloras na autoestrada, que remate a explotación privada da AP-9 e se converta nunha autoestrada pública e gratuíta de titularidade galega.

Hai anos que o Parlamento de Galicia, por unanimidade das forzas políticas, aprobou a 'Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia', que foi remitida ao Congreso para a súa tramitación e aprobación final.

Por todo isto, o grupo municipal do PSdeG-PSOE, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Manifestar o rexeitamento á suba das peaxes na AP-9 proposto por AUDASA, instando por unha banda ao Goberno do Estado a non aceptar esta suba, e pola outra, á Xunta de Galicia a que demande a súa supresión.

2. Instar á Xunta de Galicia a que cumpra os acordos do Parlamento Galego e demande do Goberno do Estado:

- A transferencia da AP-9 á administración galega.

3. Trasladar o presente acordo aos grupos parlamentares do Parlamento de Galicia, presidente da Xunta de Galicia e presidente do Goberno do Estado.

Sométese a votación a urxencia da moción, quedando **RATIFICADA A URXENCIA**, coa **INCLUSIÓN DA MOCIÓN NA ORDE DO DÍA**, por **UNANIMIDADE**, dos concelleiros concelleiras presentes.

A Presidencia abra a quenda para o debate:

- Toma a palabra D. Santiago José Rodríguez, están de acordo ca moción, no punto dous podería pedirse que as autovías e as autoestradas que estean a cargo da Xunta, sexan de balde



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

-**Toma a palabra D. Bernardo Fernández**, pregunta se quedaría o punto dous deste xeito, “...A transferencia da AP-9, á administración galega que pase a ser de balde...”, responde afirmativamente D. Santiago José Rodríguez. Aclara D. Bernardo Fernández, que no punto un, cando di “... á Xunta de Galicia a que demande a supresión...” refírese a que se supriman as peaxes existentes, entón xa non é necesaria a modificación do punto dous.

- **Toma a palabra D. Luis Pena**, non teñen nada que obxectar, teñen unha moción similar, van a votar a favor.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación a moción, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes, o **ACORDO** seguinte:

1. Manifestar o rexeitamento á suba das peaxes na AP-9 proposto por AUDASA, instando por unha banda ao Goberno do Estado a non aceptar esta suba, e pola outra, á Xunta de Galicia a que demande a supresión das peaxes existentes.

2. Instar á Xunta de Galicia a que cumpra os acordos do Parlamento Galego e demande do Goberno do Estado:

- **A transferencia da AP-9 á administración galega.**

3. Trasladar o presente acordo aos grupos parlamentares do Parlamento de Galicia, presidente da Xunta de Galicia e presidente do Goberno do Estado.

5.3. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG CONTRA A SUBA DOS PEAXES DA AP-9 E A PROL DO FOMENTO DO SISTEMA DE TRANSPORTE PÚBLICO.

- D Luis Pena Mosquera, indica que a moción foi introducida por urxencia, e pide desculpas pois xa foi debatido no Pleno a Prol do fomento do sistema de transporte público.

O voceiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, D. Luis Pena Mosquera, da conta do contido da moción presentada, cuxo texto se transcribe a continuación:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

AP-9

A AP9, a autoestrada do atlántico, é a principal arteria de comunicación de Galiza, unha vía estratéxica que articula un territorio no que se asenta máis do 70% da poboación do país. As peaxes que diariamente soportan arredor de 22.000 galegas son abusivas e un verdadeiro lastre para a economía do noso país. Cómpre lembrar que a concesión desta autoestrada remataba en 2013 pero foi ampliada (en 1994) por Felipe González por dez anos máis e (no 2000) por José María Aznar en 25 anos máis. Logo no 2003, o goberno de Aznar vendería co beneplácito da Xunta do PP, a autoestrada por un prezo ridículo (concesión máis longa posíbel, 75 anos, até 2048). **Así, mentres na Galiza pagamos as peaxes máis caras, a práctica totalidade das autoestradas do Estado ou son de balde ou o serán en breve.**

TRANSPORTE COLECTIVO



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O transporte colectivo de carácter público é un elemento fundamental á hora de vertebrar o noso país, cumprindo tamén unha labor social á hora de democratizar o acceso ao transporte. Ademais hoxe máis ca nunca se pon de manifesto a importancia do transporte público, dada a crise enerxética, económica e social que dificulta os desprazamentos continuados no transporte privado e os gastos que estes supoñen

Concretamente en Ponte deume o servizo de transporte público non é útil para a maior parte dos desprazamentos fora do concello, por falta de horarios, itinerarios e paradas.

Dende a instauración do último plan de transporte de Galiza, son milleiros as queixas de persoas usuarias, por este plan de transporte que está a deixar unha Galiza peor comunicada coa eliminación de horarios, itinerarios e paradas.

O noso futuro como sociedade debe pasar por un transporte público forte, que xogue un papel indiscutíbel en canto á vertebración do noso territorio, que funcione tamén como un elemento que garanta a igualdade de oportunidades para todas as galegas e galegos

Cubrir estas necesidades actualmente conséguese cun reforzo en itinerarios e horarios, facendo que se cumpran as condicións do servizo e que este sexa accesíbel economicamente para as usuarias. Medidas como as anunciadas para o período entre setembro e decembro, cunha bonificación do 50% non é unha medida suficiente para un fomento real do transporte público.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Instar á Mesa do Congreso e ás forzas políticas con representación nesa institución a **aprobar definitivamente a lei de Transferencia da AP9 a Galiza** no actual período de sesións.
2. Reclamar ao Goberno do Estado, en concreto ao Ministerio de Transportes, que **rexeite a proposta de Audasa, a concesionaria da AP-9, para subir as peaxes un 9% o próximo ano.**
3. Instar ao Goberno Galego a fomentar o uso do transporte público por estrada, aplicando, cando menos, as seguintes medidas:
 - a. **Reforzo do servizo en concepto de itinerarios, horarios e paradas dispoñibles**, tanto nas conexións coas cidades coma no transporte intracomarcal e rural
 - b. Instauración dunha **tarifa plana para usuarios recorrentes e bonificacións** aplicando criterios sociais (situación de desemprego, rendas baixas, persoas pensionistas, mocidade, estudantado etc.)
 - c. Gratuidade das autovías dependentes da Xunta de Galiza



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

4. Instar ao Goberno Galego a un reforzo no control e inspección, a todos os niveis, no **cumprimento dos contratos asinados coas empresas concesionariaS**

Sométese a votación a urxencia da moción, quedando **RATIFICADA A URXENCIA**, coa **INCLUSIÓN DA MOCIÓN NA ORDE DO DÍA**, por **UNANIMIDADE**, dos concelleiros concelleiras presentes.

A Presidencia abre a quenda para o debate:

- **Toma a palabra D. José Simoes Couceiro**, indica que non teñen problema cos dous primeiros puntos, en canto o terceiro e cuarto xa presentaron no Pleno de setembro unha moción, “*Contra a mellora da prestación do transporte público interurbano*”, de seguido di que estiveron cooperando ca plataforma de transporte de Ferrolterra, recolléronse firmas, o transporte está funcionando moi mal, con moitas queixas dos veciños, finalmente afirma que a Xunta de Galicia non toma cartas no asunto.

- **Toma a palabra D. Santiago José Rodríguez**, di que a moción é moi parecida á anterior, eles tamén dan queixas ao respecto, teñen coñecemento que están intentando arranxar o problema, que non é moi sinxelo, pois son moitas liñas, o voto vai a ser a favor.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación a moción, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes, o **ACORDO** seguinte:

1. Instar á Mesa do Congreso e ás forzas políticas con representación nesa institución **a aprobar definitivamente a lei de Transferencia da AP9 a Galiza** no actual periodo de sesións.
2. Reclamar ao Goberno do Estado, en concreto ao Ministerio de Transportes, que **rexeite a proposta de Audasa, a concesionaria da AP-9, para subir as peaxes un 9% o próximo ano.**
3. Instar ao Goberno Galego a fomentar o uso do transporte público por estrada, aplicando, cando menos, as seguintes medidas:
 - a. **Reforzo do servizo en concepto de itinerarios, horarios e paradas dispoñibles**, tanto nas conexións coas cidades coma no transporte intracomarcal e rural
 - b. **Instauración dunha tarifa plana para usuarios recorrentes e bonificacións** aplicando criterios sociais (situación de desemprego, rendas baixas, persoas pensionistas, mocidade, estudantado etc.)
 - c. **Gratuidade das autovías dependentes da Xunta de Galiza**
4. Instar ao Goberno Galego a un reforzo no control e inspección, a todos os niveis, no **cumprimento dos contratos asinados coas empresas concesionariaS**



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME **POLO** DÍA INTERNACIONAL DE LOITA CONTRA A VIOLENCIA Á MULLER 2022.

A Secretaria municipal da lectura á moción institucional que se transcribe a continuación:

DÍA INTERNACIONAL DE LOITA CONTRA A VIOLENCIA Á MULLER . 2022

Declaración institucional do Concello de Ponte deume

Con motivo do día 25 de novembro "Día Internacional de Loita contra a Violencia á muller" o Concello de Ponte deume en Pleno pon de manifesto o seu compromiso nesta loita e na consecución dunha sociedade plural, inclusiva, diversa, sostible e libre de violencia .

Neste data, ao igual que o resto dos días do ano, ten sentido facer un chamamento á reflexión á sensibilización da sociedade no seu conxunto conscientes de que, como expresa a ONU con claridade: "A violencia contra as mulleres e nenas, arraigada nunhas relacións de poder desigual entre mulleres e homes, persiste como unha crise silenciosa e endémica" senda esta unha das violacións dos dereitos humanos máis estendida e persistente na sociedade actual.

Dende o ano 2003 contabilízanse no noso país as vítimas da violencia machista, violencia que ten a súa orixe no sistema patriarcal, que segue a imperar na nosa sociedade na que se asumen como naturais aspectos como: a desigualdade, o mantemento da xerarquización das tarefas, a consideración de que as tarefas de coidado son responsabilidade das mulleres... consolidando así pautas culturais que reproducen comportamentos discriminatorios e sexistas.

A pesar de levar anos legislando a favor da igualdade de xénero dende todos os niveis de goberno, consideramos que os esforzos non son suficientes, as dramáticas consecuencias da violencia de xénero avanza na progresiva concienciación social, pero en todo caso non se reducen. No que vai de ano xa son 38 as mulleres ás que teñen arrincado a vida e 26 menores de 18 anos que quedan orfas ou orfos. Estas cifras fan evidente que é necesario non soamente manifestarnos publicamente ou adherirnos ás declaracións institucionais, ternos a abrigo e así o declaramos no Concello de Ponte deume dende a acción local de asumir un verdadeiro compromiso para implementar accións que dean resposta á grande dimensión desta problemática e a súa transcendencia .

O Pleno Municipal do Concello de Ponte deume declara:

Facer da prevención contra as violencias machistas e a desigualdade que están a sufrir ou poden sufrir as mulleres eumesas unha política prioritaria e transversal dende todas as áreas municipais.

A intención de seguir a traballar na educación en igualdade de xénero coa cidadanía e para a cidadanía como a forma máis axeitada de combater unha das expresións de desigualdade máis grandes: a violencia contra as mulleres.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A necesidade de reforzar os mecanismos de prevención, atención, apoio e protección cos que conta esta administración para as mulleres vítimas da violencia de xénero e as persoas ao seu cargo .

O compromiso de facer visible ante a sociedade, no seu conxunto , esta lacra social como vía de denuncia e rexeitamento da calquera forma de violencia de xénero e o social e sinalamento público de quen a exerce.

O establecemento no noso municipio dun espazo de homenaxe público e recoñecemento das vítimas en forma de concentración pública e garda dun minuto de silencio cando unha persoa sexa vítima de violencia de xénero diante da casa do Concello as 12:00 h.

Só cando a igualdade entre mulleres e homes sexa REAL e EFECTIVA acabaremos coa violencia de xénero nas súas múltiples manifestacións . Por esta reivindicación subscribimos a presente declaración institucional.

Os concelleiros e concelleiras presentes RATIFICAN o contido da Declaración Institucional.

6.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PRESIDENCIA

A Secretaria municipal da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

“DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA. SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 24 DE NOVEMBRO DE 2022

(Expediente TEdC: 2022/G006/000250)

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **672.2022** de 20 de setembro ao **744.2022** de 18 de novembro de 2022, ambos os dous incluídos, os seguintes:

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2022/G003/000731	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN ÚNICA -ÁREA DE DESCANSO PARA PEREGRINOS NO MIRADOR SOUTO DA VILA- E FACTURAS CORRESPONDENTES Á REDACCION DO PROXECTO E DIRECCIÓN DE OBRA.	000672/2022	20-10-2022 14:33
2022/G003/000729	SOLICITUD SUBVENCIÓN ÁREA DE DESCANSO	000673/2022	20-10-2022



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
	PARA PEREGRINOS MIRADOR SOUTO DA VILA		15:23
2022/G003/000732	CONTRATO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO "PAVIMENTACIÓN E HUMANIZACIÓN FREI GUMERSINDO PLACER "(POS + ADICIONAL 2/2021)	000674/2022	21-10-2022 09:44
2022/G003/000739	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	000675/2022	21-10-2022 15:06
2022/G003/000722	AXUDAS ÁS FAMILIAS PARA ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR. CURSO ESCOLAR 2022-2023. SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO.	000676/2022	21-10-2022 15:06
2022/G003/000744	SOLICITUDE DE RENOVACION DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	000677/2022	21-10-2022 15:06
2022/G003/000726	PROPOSTA DE BAIXA E PROPOSTA DE AUMENTO DE HORAS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE DEPENDENCIA.	000678/2022	21-10-2022 15:06
2022/G003/000746	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	000679/2022	21-10-2022 16:36
2022/G003/000725	CONTRATO DE SERVIZO PARA O EXERCICIO DOS TRABALLOS DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS CONTINIDAS NO PROXECTO "CAMIÑO DE ALLÓN". AGADER 2022	000680/2022	21-10-2022 16:36
2022/G003/000555	CONTRATO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO "CAMIÑO DE ALLON" . AGADER 2022.	000681/2022	21-10-2022 16:36
2022/G003/000703	SERVIZO DO CONTROL DE CALIDADE MELLORA DE ALLÓN ACCESO PARCELAS AGRÍCOLAS AGADER 2022-2023	000682/2022	21-10-2022 16:36
2022/G003/000747	DELEGACIÓN DE ALCALDÍA PARA DÍA 24-25-26 DE OUTUBRO (INCLUSIVE)	000683/2022	24-10-2022 09:14
2022/G003/000752	SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 27/10/2022	000684/2022	24-10-2022 15:36
2022/G003/000745	PROPOSTA DE BAIXA E PROPOSTA DE ALTA NO	000685/2022	24-10-2022



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
	SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE DEPENDENCIA		15:36
2022/G003/000751	SOLICITUDE DE RENOVACION DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	000686/2022	24-10-2022 15:36
2022/G003/000740	SEGURIDAD SOCIAL SETEMBRO 2022	000687/2022	24-10-2022 15:38
2022/G003/000742	PROPOSTA DE BAIXA E PROPOSTA DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE DEPENDENCIA	000688/2022	24-10-2022 15:38
2022/G003/000748	CONTRATO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO "RECUPERACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL MEDIANTE A REHABILITACIÓN DO ENTORNO DA FONTE DO CASTRO E A FONTE DE CRUZ DE CABILDO, NO CONCELLO DE PONTEDEUME " FINANCIADO POLA XUNTA DE GALICIA, AO ABEIRO DAS AXUDAS A INVESTIMENTOS NON PRODUTIVOS VINCULADAS Á REALIZACIÓN DE OBXECTIVOS AGROAMBIENTAIS E CLIMÁTICOS NO ÁMBITO DOS PARQUES NATURAIS DE GALICIA, COFINANCIADAS CO FONDO FEADER NO MARGO DO PDR DE GALICIA 2014-2020 (MT819A)	000689/2022	25-10-2022 19:23
2022/G003/000658	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 3 (ÚLTIMA) E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA - ACONDICIONAMENTO PRAZA NO CAMIÑO INGLÉS-, CONV.DEPUTACIÓN 41/2020 E 96/2021.	000690/2022	26-10-2022 18:00
2022/G003/000724	CONTROL DE CALIDADE VARIAS OBRAS NO CONCELLO DE PONTEDEUME	000691/2022	27-10-2022 11:15
2022/G003/000749	PERSOAL-INCIDENCIAS MENSUAIS NÓMINA MES DE OUTUBRO DE 2022.	000692/2022	27-10-2022 13:15
2022/G003/000756	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL DE DNA. EVA Mª GUERRERO RICO O DÍA 31.10.2022.	000693/2022	27-10-2022 13:15
2022/G003/000727	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/21: ARBORES SENLLEIRAS-XARDÍNS DE LOMBARDEIRO E DIXITALIZACIÓN DE ARQUIVOS-FASE 3	000694/2022	27-10-2022 13:15
2022/G003/000753	PAGO NÓMINA MES DE OUTUBRO DE 2022.	000695/2022	27-10-2022 14:16



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2022/G003/000755	EXECUCIÓN DA OBRA DE INSTALACIÓN DE PARQUE INFANTIL E BIOSALUDABLE EN ANDRADE	000696/2022	28-10-2022 08:20
2022/G003/000738	EXECUCIÓN DA OBRA "PAVIMENTACIÓN DE RÚA VALERIANO VILLANUEVA"	000697/2022	28-10-2022 08:20
2022/G003/000737	CONTRATO MENOR PARA LA INSTALACIÓN DUN SEMÁFORO NA AVDA DA CORUÑA (PONTEDEUME)	000698/2022	28-10-2022 08:20
2022/G003/000733	CONTRATO PARA A AMPLIACIÓN DE CAMIÑO DE A GRAÑA - FIGUEIRIDO	000699/2022	28-10-2022 08:20
2022/G003/000754	SOLICITUD SUBVENCIÓN DIXITALIZACIÓN DE ARQUIVOS 2022	000700/2022	28-10-2022 14:44
2022/G003/000762	SOLICITUD SUBVENCIÓN ÁRBORES SENLLEIRAS	000701/2022	28-10-2022 14:44
2022/G003/000757	CONTRATO PARA A EXECUCIÓN DOS TRABALLOS DE CONTROL DE CALIDADE DA ACTUACIÓN "ACTUACIONES DE AHORRO ENERGÉTICO EN LOS ALUMBRADOS PÚBLICOS DEL CONCELLO DE PONTEDEUME FASE II. PROXECTO COFINANCIADO POLO INSTITUTO PARA LA DIVERSIFICAÇÃO Y AHORRO DE LA ENERGÍA (IDAE), EN VIRTUDE DAS SUBVENCIÓNS A PROXECTOS SINGULARES DE ENTIADAS LOCAIS QUE FAVOREZAN O PASO A UNHA ECONOMÍA BAIXA EN CARBONO NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER DE CRECEMENTO SOSTIBLE 2014-2020.	000702/2022	31-10-2022 13:54
2022/G003/000761	TESOURERIA: PAGO TAXA OCUPACION DOMINIO PUBLICO CIRCUITO CALESTENIA E CASETA	000703/2022	31-10-2022 13:53
2022/G003/000766	SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DÍA 03.11.2022	000704/2022	02-11-2022 15:04
2022/G003/000765	ANULACION MODIFICACIÓN DE CRÉDTIO 18, XERACIÓN DE CRÉDITO 9; E MODIFICACION DE CRÉDITO 19, TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 8, SOCORRISTAS.-	000705/2022	03-11-2022 11:47
2022/G003/000772	CONTRATO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO "HUMANIZACIÓN DA RÚA CLUB FIRRETE" (POS + 2021)	000706/2022	03-11-2022 17:27



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2022/G003/000775	APROBACIÓN DOS PADRÓNS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE LIBRE CONCORRENCIA E DEPENDENCIA DO MES DE SETEMBRO DE 2022	000707/2022	04-11-2022 11:37
2022/G003/000783	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL DE DONA. EVA Mª GUERRERO RICO, OS DÍAS 7 E 8 DE NOVEMBRO 2022.	000708/2022	04-11-2022 13:37
2022/G003/000773	SOLICITUD SUBVENCIÓN SOCORRISMO 2016	000709/2022	04-11-2022 14:03
2022/G003/000782	PROPOSTA DE BAIXA E PROPOSTA DE AUMENTO DE HORAS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE DEPENDENCIA.	000710/2022	07-11-2022 12:46
2022/G003/000787	SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE LIBRE CONCORRENCIA	000711/2022	07-11-2022 12:46
2022/G003/000786	SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE LIBRE CONCORRENCIA	000712/2022	07-11-2022 12:46
2022/G003/000743	SOLICITUD GENERAL A NOMBRE DE CANARGA, S. L.. SOLICITA: TENGA POR PRESENTADA ESTA INSTANCIA ASÍ COMO LA DOCUMENTAL QUE SE ACOMPAÑA Y PREVIOS LOS TRÁMITES OPORTUNOS SIRVA ORDENAR LA DEVOLUCIÓN DE LOS AVALES SOLICITADA.	000713/2022	07-11-2022 12:46
2022/G003/000750	DEVOLUCIÓN DE AVAL CAMIÑO NA HERBOSA (BOEBRE) E CAMIÑO NA GRAÑA (POS+ 2019)	000714/2022	07-11-2022 12:46
2022/G003/000769	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO AI99500000026907	000715/2022	07-11-2022 12:46
2022/G003/000770	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO AI99500000026983	000716/2022	07-11-2022 12:46
2022/G003/000771	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO AI99500000027208	000717/2022	07-11-2022 12:46
2022/G003/000763	SOLICITUDE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	000718/2022	04-11-2022 18:31
2022/G003/000781	SOLICITUD DE SUBVENCIÓN LER CONTA MOITO	000719/2022	04-11-2022 18:31
2022/G003/000784	SOLICITUDE EXPEDICIÓN TARXETA DE	000720/2022	08-11-2022



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
	ESTACIONAMENTO		09:49
2022/G003/000789	SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE LIBRE CONCORRENCIA	000721/2022	08-11-2022 09:49
2022/G003/000790	APROBACIÓN DE PLANS DA OBRA "PAVIMENTACIÓN DE RÚA VALERIANO VILLANUEVA"	000722/2022	08-11-2022 09:49
2022/G003/000778	RELACIÓN DE FACTURAS NUM. F/2022/22: ELÉCTRICAS.	000723/2022	08-11-2022 09:49
2022/G003/000785	SOLICITUDE DE CAMBIO DE VEHICULO-TAXI EXPEDICION DA CORRESPONDENTE LICENCIA MUNICIPAL E DA TARXETA DE TRANSPORTE VT-N.LICENZA DE TAXI NÚM. 17	000724/2022	08-11-2022 14:55
2022/G003/000776	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 1/ÚLTIMA DA OBRA -CAMIÑO DE PILLEIRO (BOEBRE) E OUTROS.	000725/2022	08-11-2022 14:55
2022/G003/000794	SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DE DÍA 10.11.2022	000726/2022	08-11-2022 15:19
2022/G003/000741	CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEDEUME E O CONCELLO DE CAMBRE, PARA O REFORZO DO SERVIZO CON POLICÍAS LOCAIS PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE CAMBRE DURANTE O ANO 2022	000727/2022	11-11-2022 13:51
2022/G003/000798	SOLICITUD GENERAL A NOMBRE DE SOLICITA: RECURSO DE REPOSICION CARREIRA PROFESIONAL	000728/2022	11-11-2022 13:51
2022/G003/000792	CONVOCATORIA SELECCIÓN PERSONAL BOLSA ADMINISTRATIVOS/AS GRUPO C1	000729/2022	11-11-2022 13:51
2022/G003/000801	CONVENIO DE LIMPEZA DE PISTAS FORESTAIS. TRACTOR MUNICIPAL	000730/2022	14-11-2022 14:51
2022/G003/000804	CONTRATO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO "CAMIÑO DE ALLON". AGADER 2022.	000731/2022	15-11-2022 09:39
2022/G003/000718	SOLICITUDE ACCESO EXPEDIENTE URBANISTICO 2019/U022/000011 PROMOTOR LABORA E TOURA.;	000732/2022	15-11-2022



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
	PLANOS ALZADO COMPROBAR ALINEACIONES.		09:39
2022/G003/000796	XXV PREMIIO INVESTIGACIÓN CONCELLO DE PONTEDEUME.	000733/2022	15-11-2022 09:39
2022/G003/000803	CONTA XUSTIFICATIVA DE AXUDAS PARA SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL	000734/2022	16-11-2022 10:17
2022/G003/000716	BASES DO PROGRAMA BONOS PARA A INCENTIVACIÓN E IMPULSO DO COMERCIO LOCAL ENTRE OS COLECTIVOS MÁIS VULNERABLES	000735/2022	16-11-2022 11:26
2022/G003/000799	AXUDAS ÁS FAMILIAS PARA ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR. CURSO ESCOLAR 2022-2023. SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO. RESOLUCIÓN DEFINITIVA	000736/2022	16-11-2022 11:39
2022/G003/000813	DECRETO CONVOCATORIA CIAXP 21-11-2022	000737/2022	16-11-2022 12:28
2022/G003/000814	SESIÓN ORDINARIA DA CIAEF DE DÍA 21-11-2022.	000738/2022	16-11-2022 12:28
2022/G003/000806	APROBACIÓN ALTAS E BAIXAS ALUMNADO TALLERES CULTURALS 2022/2023	000739/2022	16-11-2022 13:38
2022/G003/000817	SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DÍA 17-11-2022	000740/2022	16-11-2022 14:15
2022/G003/000818	CONVOCATORIA SELECCIÓN PERSONAL, LISTA RESERVA AUXILIARES ADMINISTRATIVOS, GRUPO C2.	000741/2022	16-11-2022 14:15
2022/G003/000820	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 1 E 2/ÚLTIMA E FACTURA DE REDACCIÓN DE PROXECTO, DA OBRA " MELLORA ACCESIBILIDADE, EQUIPAMENTO E INSTALACIÓNS NO CENTRO DE FORMACIÓN MUNICIPAL DE FOREMDES".	000742/2022	18-11-2022 12:08
2022/G003/000811	LIQUIDACIÓN DE TRIBUTOS-DECLARACIÓN IRPF MODELO 111, OUTUBRO 2022	000743/2022	18-11-2022 12:08
2022/G003/000815	SOLICITUD SUBVENCIÓN INFRAESTRUTURAS CONCELLOS. ACTUACIÓN EN FOREMDES	000744/2022	18-11-2022 15:09



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN**

7.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

O Grupo Municipal do Partido Popular na Corporación Municipal, presenta os seguintes **ROGOS** para o Pleno do mes novembro:

- Rogamos se reparen los baches en la calle del empedrado (está el hormigón impreso roto y las rejillas y alguna tapa del alcantarillado se mueven y hacen ruido)
- Rogamos se hagan los trámites necesarios para que se desbroce las cunetas en la parroquia de Boebre
- Rogamos exijan a ADIF la limpieza de la estación
- Rogamos que reparen el alumbrado de las 4 farolas que están en la calle que comunica la guardería (por la parte de atrás) con el aparcamiento de los buses porque actualmente esta calle está a oscuras en su totalidad y no ofrece seguridad a los vecinos.

O voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. Santiago José Rodríguez Piñeiro, formula o seguinte **ROGO** oral:

- Rogamos se ensine a última factura do consumo eléctrico do mercado municipal.

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego na Corporación Municipal, **NON** presenta **ROGOS** para o Pleno do mes de novembro.

O Grupo Municipal do Partido Popular na Corporación Municipal, presenta as seguintes **PREGUNTAS** para o Pleno do mes novembro, transcribiéndose a continuación as respostas achegadas por escrito polo goberno municipal:

1. ¿En qué situación se encuentra el pliego de licitación del servicio que presta la empresa Galilandia?

RESPOSTA DO GOBERNO.

- O prego está terminado desde hai semanas á espera de que sexa informado polos distintos departamentos que interveñen na súa tramitación. Desde a Alcaldía trasladouse a urxencia deste expediente dada a situación coñecida por todos

2. ¿Ya se subsanó la certificación solicitada por parte de Fenosa para que los placentos puedan regularizar sus boletines?

RESPOSTA DO GOBERNO.

- Os defectos do expediente están enmendados, trasladouse á compañía subministradora os CIES que foron facilitados polos praceiros e agora UFD está coa distribución de potencia para cada posto, non tendo resolución desa asignación ata o momento.

3. ¿Cómo se encuentra la obtención de la allega económica que nos dijeron en el mes de enero solicitada a la Secretaría de Estado de Turismo para la rehabilitación del viejo hospital?



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

RESPOSTA DO GOBERNO.

A subvención está concedida por un importe de 375.360,44 e actualmente está en proceso de licitación por parte da Deputación da Coruña que foi a entidade na que se delegou ese trámite por parte dos distintos concellos solicitantes.

4. En varios plenos les hemos trasladado la pregunta que cuando van a sacar a concurso la cafetería del mercado y su contestación fue que los pliegos estaban sin acabar....ahora se suma el local de una carnicería ¿Cuando se va a sacar a concurso?¿No creen que se le debería dar la máxima prioridad por el bien de la plaza en general?

RESPOSTA DO GOBERNO.

É prioridade deste Concello sacar canto antes a licitación o concurso do espazo gastrobar, do mesmo xeito que é prioritario todas as actuacións e obras que dispoñen duns prazos específicos, son prioritarias as subvencións, as listaxes de substitución de administrativos, o proceso para a contratación de Técnico de Administración Xeral e de Contratación, concesión de licenzas, licenzas de obra menor, pregos dos distintos servizos, etc.

E os medios dos que dispoñemos saben vostedes perfectamente cales son e téntanse axilizar os trámites na medida das nosas posibilidades.

No caso da carnicería, non iría a concurso senón a través dunha adjudicación directa con apertura de prazo na páxina web.

5. En el 2020 el PP le propuso sacar la fuente de la plaza Rosalia de Castro y ustedes lo hicieron público para que los vecinos opinaran donde les gustaría ubicarla.En marzo del 2022 (2 años después) cuando les preguntamos nos contestan que la comisión no fue creada aún ,debido a la carga de trabajo por los departamentos implicados por lo que priorizan otros temas más importantes.

RESPOSTA DO GOBERNO.

Consideran máis importante a creación de dúas novas prazas de aparcamento que serían as que se gañarían retirando dita fonte que centrar esforzos en conseguir terreos para crear novos aparcamentos cun mínimo de 30 prazas en cada un deles?

Lembrámoslles que nos últimos meses xestionouse a consecución de distintas parcelas tanto no casco como en parroquias para a dotación desas infraestruturas.

É máis, nas próximas semanas, asinarase a adquisición dunha parcela na Rúa Empedrado con capacidade para varias decenas de vehículos.

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego na Corporación Municipal, presenta as seguintes **PREGUNTAS** para o Pleno do mes novembro, transcribíndose a continuación as respostas achegadas por escrito polo goberno municipal:

1. PISCINA MUNICIPAL SEN CONTRATO E CON GRAVES DEFICIENCIAS NA INFRAESTRUTURA. A situación das instalacións da piscina municipal é deplorable (zonas pechadas, goteiras, máquinas avariadas, urinarios sen amañar durante meses...), froito da falta de inversións dos últimos anos. As protestas dos usuarios son constantes . A piscina é un servizo de xestión municipal en réxime de concesión en mans dunha empresa privada. Que está a facer o goberno do PSOE para resolver esta situación ? Cren que unha empresa pode



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

estar sen contrato vixente (un contrato prorrogado) dende o 2017 e que dende o 2019 este goberno siga a mentirnos dicindo que nuns eses estará o novo prego de licitación ?

RESPOSTA DO GOBERNO.

- Somos completamente conscientes da situación pola que atravesamos actualmente a Piscina Municipal. O atraso na redacción dos pregos de cara á licitación débese, como respondimos nunha das preguntas formuladas o pasado mes de outubro, á actualización de diferentes datos debido ao incremento de custos derivado dos novos convenios colectivos do sector, do incremento dos prezos de enerxía eléctrica ou combustible, etc...

E todo isto inflúe directamente no estudo de viabilidade económico-financieiro da instalación que debe reaxustarse e definirse.

En todo caso, lembrámoslle que hai meses ofrecéuselle ao portavoz do seu grupo unha delegación especial para a tramitación de todos eses servizos no Concello. Para que primeiramente puidese comprobar que non se está mentindo e en segundo lugar as dificultades que temos para a tramitación deses expedientes. A día de hoxe seguimos esperando a súa resposta.

2. PÁDEL. A pista de pádel é unha instalación que necesita melloras e un mantemento importante. A reserva online para os usuarios é un sistema mellorable: horas que fican sen usar por non ser anuladas a reservas en horas de gran demanda, usuarios doutros concellos que usan esta instalación gratis, utilización en casos esporádicos para clases particulares,.... Dende o BNG cremos que o uso de esta pista non debe ser de balde. Estes ingresos, aínda que mínimos, poderían contribuír aos gastos de mantemento desta e outras instalacións deportivas. Ten algún proxecto o goberno para mellorar a utilización desta instalación deportiva ?

RESPOSTA DO GOBERNO.

- Dende o Servizo de Deportes do Concello de Ponte deume iniciouse o envío dun comunicado ás/os usuarias/os debido á situación na que nos atopamos de cando en vez (alugar e non eliminar a reserva en caso de non poder asistir), polo que tomarase a decisión de eliminar a todo usuario que non cumpra as normas básicas establecidas

Como é obvio, isto é responsabilidade única e exclusivamente de quen cunha actitude totalmente insolidaria realiza unha reserva e non fai uso dela.

O cobro polo uso da pista de pádel xa estaba contemplado tal que como deberían lembrar xa que foi aprobado en pleno.

Actualmente estase a tramitar, xunto co departamento de Tesoureiría, a implementación dun TPV virtual na pasarela de reserva online.

En canto á utilización da propia pista para impartir clases particulares, dicir que dende hai meses non temos coñecemento de que volvera a pasar, xa que contactouse ca persoa en cuestión e asegurámonos, xunto ca/co conserxe que non se realicen ditas sesións.

3. TANQUE DE TORMENTAS. Que medidas foron tomadas dende o goberno municipal para, nesta obra da Xunta de Galicia, acortar os prazos para reanudar as obras previstas ? Cal é a fecha prevista na nova adxudicacións para rematar esta obra ?



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

RESPOSTA DO GOBERNO.

- Estivemos en permanente contacto con Augas de Galicia desde a paralización da obra provocada pola entrada en concurso de acreedores da empresa adjudicataria para coñecer de primeira man a tramitación dese expediente e ofrecéndonos a colaborar en todo o posible.

Así mesmo, contactouse co ente autonómico en varias ocasións para alertar da situación de perigo que podía provocar o burato así como o feito de que estaba enchéndose de auga.

Se nos trasladou hai semanas que xa hai unha nova empresa adjudicataria froito dun proceso de cesión de contrato da anterior empresa. Unha vez asinado o contrato entre Augas de Galicia e a nova adjudicataria trasladousenos que as obras comezarían o antes posible.

No día de onte realizáronse contactos para interesarnos pola data de inicio contestándonos que sería inminente.

4. PLAN REXURBE. OFICINA DE REHABILITACIÓN. As áreas REXURBE son unha figura legal (creada ao amparo da Lei de Rehabilitación e Rexeneracións Urbanas de Galicia, Lei 1/2019)) coa que a Xunta de Galicia traballa na recuperación dos cascos históricos de vilas e cidades galegas. A través do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), adquirense inmobles en estao de abandono ou semiabandono para proceder á súa rehabilitación. Isto xa se está levando a cabo en concellos como Betanzos, Tui, Mondoñedo, Rivadavia, Ferrol, Lugo ou Ourense. Con carácter prioritario seleccionáronse, edificios que teñan valores arquitectónicos ou ambientais especiais que aconsellen a súa recuperación, ou cuxa recuperación poida contribuír de xeito especial á rexeneración ambiental da zona. É difícil imaxinar un concello que encaixe mellor que Ponte deume neste Programa REXURBE. Primeiro díxéronos que en outubro de 2020 empezaran as súas xestións neste tema. Aproximadamente en xaneiro do 2022 solicitaron unha reunión cos responsables deste programa. En setembro do 2022 contestan que dende abril do 2022 xa "clarificaron" o que se precisa para entrar no programa REXURBE (para saber isto sería suficiente cunha chamada a calquera dos concellos xa nomeados, algúns dos cales son gobernados polo seu partido e pouparíamos case 3 anos de tramitación). Cando serán capaces de "delimitar" o casco histórico como BIC ? Cal o prazo no que serán capaces de elaborar a documentación para crear en Ponte deume unha ARI (Área de Rehabilitación) e facer un Plan de Dinamización ?? Rogamos encarecidamente que non nos respondan cun "estamos traballando". Grazas

RESPOSTA DO GOBERNO.

- Como ben saben levamos traballando meses neste senso. Contactando primeiramente con concellos xa adheridos e a continuación coa administración competente na materia tal como se explicou houbo varios contactos que nos traladoron as necesidades e requerimentos a cumprir para poder adherirnos a este plan.

Con cargo ao orzamento do 2023 se procederá á licitación da redacción dese proxecto.

En canto o prazo no que seremos capaces de contar cun ARI en Ponte deume podemos asegurar que será inferior aos 16 anos que estiveron vostedes no goberno local sen ser capaces de sácalo, feito perfectamente constatable.

En todo caso, neste sete anos e medio que levamos ao fronte do goberno se rehabilitáronse máis vivendas no casco histórico que nos 12 anos anteriores.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

5. ESTACIÓN DO TREN DE PONTEDEUME. Xa fai máis dun ano (outubro, 2021) dicían vostedes a unha pregunta do grupo municipal do BNG respecto da estación de tren que o concello ía “empregar parte do seu orzamento no arranxo e habilitación de ditas instalacións cedidas en uso ao Concello de Ponte deume” por ADIF. Á pregunta do coste para o concello do mantemento da estación contestaban: “ata que non dispoñamos dun presuposto elaborado non poderemos aportar os datos do coste deste mantemento.” Cal é o proxecto que ten a Alcaldía e cal é o orzamento para o “arranxo e habilitación” desta infraestrutura ?? Teñen xa, un ano despois, os custos de mantemento para o concello desta infraestrutura que o ADIF cedeu ao Concello ? Cal é o prezo “regulado por lei” para o uso desta instalación que o Concello abona a ADIF ?

RESPOSTA DO GOBERNO.

- Actuamente están en contacto os departamentos técnicos de ámbalas dúas administración para definir e concretar os termos da cesión.

En xuño deste ano foi entregada unha memoria valorada para a rehabilitación da planta baixa e cuberta do edificio por un importe que rondaba os 80.000 €. Tras o incremento dos prezos dos materiais de construción derivados principalmente da guerra de Ucraína solicitouse unha actualización dos custes dese proxecto que quedou novamente obsoleto ante un novo incremento deste custes, polo que actualmente, e tendo en conta, que os prezos estabilizáronse ao longo das últimas semanas, estase a actualizar de novo

6. SEMÁFORO AVDA CORUÑA. A canto ascendeu o contrato e que empresa o realizou ?? Datos: nº de expediente: 2022/G003/000737 nº de decreto: 000698/2022

RESPOSTA DO GOBERNO

- Esas obras saíron a licitación hace semanas polo procedemento de contrato menor dado o seu importe. Solicitáronse tres ofertas sendo a máis económica a presentada pola empresa Electricidad Permuy, polo que esta resultou adxudicataria deste contrato.

O 28 de outubro asinouse o contrato polo que os traballos darán comenzo nas vindeiras semanas.

Os traballos consisten na construción dunha mediana, a dotación dun tramo de beirarrúa, pavimentación de rúa e beirarrúa, pintado da sinalización horizontal e instalación da vertical, así como a instalación dos semáforos que ascende a un total de 31.460 €, dando así cumprimento aos requirimento da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, titular como ben saben, da N-651.

7. POLICÍA LOCAL. Ten coñecemento o goberno da existencia dalgún procedemento xudicial (denuncia, requirimento...) na que estea implicado algún membro da policía local de Ponte deume en relación co detección, retención, identificación dun menor ? Hai algún informe oficial sobre este feito ? Que medidas tomou a alcaldía ?

RESPOSTA DO GOBERNO

- Dado que estes feitos atinxen a un menor e están en mans da Fiscalía de menores, non consideramos ético dar unha resposta por escrito e pública a este tema

REMATE DA SESIÓN





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión, sendo as trece horas e doce minutos do expresado día.

DILIXENCIA APROBACIÓN

Apróbase a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno de data 29/12/2022, segundo o borrador asinado o día 26/12/2022. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do Alcalde e da Secretaria, que dá fe.

